Fervenza Costas, José

Sobre a información da Consellería de Pesca e Asuntos Marítimos respecto da extracción furtiva de marisco detectada nas inmediacións da praia da Canteira, na illa de Arousa, as previsións respecto do reforzo do sistema de vixilancia, principalmente en horario nocturno, e a realización do traballo de protección polo Servizo de Gardacostas conxuntamente cos efectivos da Policía Nacional

BOPG núm. 307, do 10.03.2007

Resposta do Goberno: Doc. núm. 19075

- 07/PRE-8185(17750) (19074)

Grupo Parlamentario Popular de Galicia

Fervenza Costas, José

Sobre as medidas previstas polo Goberno galego para impedir a pesca ilegal, os elementos de actuación no que atinxe ao control do cumprimento das normativas pesqueiras dos barcos que entran nos portos galegos, en particular no de Vigo, e o establecemento no novo acordo con Marrocos do cumprimento da prohibición do uso de redes ilegais á súa frota así como de prácticas de pesca ilegal

BOPG núm. 307, do 10.03.2007

Resposta do Goberno: Doc. núm. 19074

- 07/PRE-8186(17751) (19073)

Grupo Parlamentario Popular de Galicia

Fervenza Costas, José

Sobre a información da Consellería de Pesca e Asuntos Marítimos respecto do accidente rexistrado o pasado 7 de febreiro nun barco que se atopaba no peirao de reparación do porto de Marín, a asistencia sanitaria recibida polos traballadores afectados e as medidas que se deben aplicar para impedir a súa repetición

BOPG núm. 307, do 10.03.2007

Resposta do Goberno: Doc. núm. 19073

- 07/PRE-8187(17755) (19077)

Grupo Parlamentario do Bloque Nacionalista Galego

Lobeira Domínguez, Bieito

Sobre a afección que respecto da actividade da frota pesqueira de baixura ten o perímetro de protección establecido arredor do buque "Ostedijk"

BOPG núm. 307, do 10.03.2007

Resposta do Goberno: Doc. núm. 19077

- 07/PRE-8199(17850) (19025)

Grupo Parlamentario Popular de Galicia

López-Chaves Castro, Ignacio Javier e Calvo Pouso, Diego  
Sobre a resposta á Pregunta parlamentaria referente á organización da videoconferencia da TVG para a entrevista do Sr. presidente da Xunta de Galicia co vencedor da última edición do Tour de Francia, o ciclista Óscar Pereiro

BOPG núm. 307, do 10.03.2007

Resposta do Goberno: Doc. núm. 19025

- 07/PRE-8204(17854) (19026)

Grupo Parlamentario Popular de Galicia

López-Chaves Castro, Ignacio Javier e Calvo Pouso, Diego  
Sobre a necesidade da organización pola TVG dunha videoconferencia para a entrevista do Sr. presidente da Xunta de Galicia co vencedor da última edición do Tour de Francia, o ciclista Óscar Pereiro, dado o desprazamento do Sr. vicepresidente a París nesa data

BOPG núm. 307, do 10.03.2007

Resposta do Goberno: Doc. núm. 19026

- 07/PRE-8210(17861) (19027)

Grupo Parlamentario Popular de Galicia

López-Chaves Castro, Ignacio Javier e Calvo Pouso, Diego  
Sobre os datos referentes á toma de decisión na TVG da realización das entrevistas polas distintas áreas, o protocolo establecido ao respecto e os criterios de actualidade e profesionalidade seguidos para a realización da videoconferencia para a entrevista do Sr. presidente da Xunta de Galicia co vencedor da última edición do Tour de Francia, o ciclista Óscar Pereiro

BOPG núm. 307, do 10.03.2007

Resposta do Goberno: Doc. núm. 19027

- 07/PRE-8211(17869) /19009(

Grupo Parlamentario Popular de Galicia

Santalices Vieira, Miguel Ángel e 7 deputados máis  
Sobre os datos referentes á xubilación nos próximos cinco anos de médicos especialistas nos centros hospitalarios, así como de médicos de atención primaria e pediatría

BOPG núm. 307, do 10.03.2007

Resposta do Goberno: Doc. núm. 19009

- 07/PRE-8221(17937) (19028)

Grupo Parlamentario Popular de Galicia

Calvo Pouso, Diego

Sobre a interrupción da intervención dunha invitada, deputada do Partido Popular, durante a emisión do programa da TVG “Volver ao rego”, para pasar á publicidade

BOPG núm. 307, do 10.03.2007

Resposta do Goberno: Doc. núm. 19028

- 07/PRE-8224(17965) (19072)

Grupo Parlamentario do Bloque Nacionalista Galego

Lobeira Domínguez, Bieito

Sobre as previsións de eviscerado de peneira (orella de mar) para posibilitar a súa comercialización

BOPG núm. 307, do 10.03.2007

Resposta do Goberno: Doc. núm. 19072

- 07/PRE-8225(17966) (19071)

Grupo Parlamentario do Bloque Nacionalista Galego

Lobeira Domínguez, Bieito

Sobre as previsións de autorización de extracción de ourizo para a Confraría de Aldán-Hío

BOPG núm. 307, do 10.03.2007

Resposta do Goberno: Doc. núm. 19071

- 07/PRE-8231(18048) (19006)

Grupo Parlamentario do Bloque Nacionalista Galego

Blanco Parga, Carlos Fernando e da Silva Méndez, María Carne  
Sobre a legalidade dos vertidos que a empresa Cuíña, S.A., estaba a realizar no lugar de Capelo-Igrexafeita, no concello de San Sadurniño (A Coruña)

BOPG núm. 311, do 15.03.2007

Resposta do Goberno: Doc. núm. 19006

- 07/PRE-8232(18081) (19079)

Grupo Parlamentario Popular de Galicia

Santalices Vieira, Miguel Ángel e 6 deputados máis

Sobre o prazo previsto pola consellaría para dotar o concello de Brión dun facultativo máis de medicina xeral

BOPG núm. 311, do 15.03.2007

Resposta do Goberno: Doc. núm. 19079

- 07/PRE-8233(18086) (19080)

Grupo Parlamentario Popular de Galicia

Rojo Noguera, Pilar e Gómez Alonso, Alejandro

Sobre a posición actual e os prazos previstos pola Consellaría de Política Territorial, Obras Públicas e Transportes respecto da construción e acondicionamento dos tramos das estradas PO-255 Ponte Caldelas-Caritel-Forzans e da



estrada PO-241 Caritel-A Lama, así como a contratación dos proxectos

BOPG núm. 311, do 15.03.2007

Resposta do Goberno: Doc. núm. 19080

- 07/PRE-8241(18130) (18991)

Grupo Parlamentario Popular de Galicia

Calvo Pouso, Diego e Cerdido Pintos, María Marta

Sobre os datos referentes aos investimentos levados a cabo pola Consellería da Presidencia, Administracións Públicas e Xustiza e os organismos dependentes dela no concello das Pontes de García Rodríguez, así como os compromisos asumidos con ese concello para o ano 2007 desde a toma de posesión do novo Goberno

BOPG núm. 311, do 15.03.2007

Resposta do Goberno: Doc. núm. 18991

- 07/PRE-8253(18143) (18990)

Grupo Parlamentario Popular de Galicia

Calvo Pouso, Diego e Cerdido Pintos, María Marta

Sobre os datos referentes aos investimentos levados a cabo pola Consellería de Presidencia, Administracións Públicas e Xustiza e os organismos dependentes dela no concello das Somozas, así como os compromisos asumidos con ese concello para o ano 2007 desde a toma de posesión do novo Goberno

BOPG núm. 311, do 15.03.2007

Resposta do Goberno: Doc. núm. 18990

- 07/PRE-8266(18183) (18989)

Grupo Parlamentario Popular de Galicia

Calvo Pouso, Diego e Cerdido Pintos, María Marta

Sobre os datos referentes aos investimentos levados a cabo pola Consellería de Presidencia, Administracións Públicas e Xustiza e os organismos dependentes dela no concello de Ortigueira, así como os compromisos asumidos con ese concello para o ano 2007 desde a toma de posesión do novo Goberno

BOPG núm. 311, do 15.03.2007

Resposta do Goberno: Doc. núm. 18989

- 07/PRE-8281(18200) (18988)

Grupo Parlamentario Popular de Galicia

Calvo Pouso, Diego e Cerdido Pintos, María Marta

Sobre os datos referentes aos investimentos levados a cabo pola Consellería de Presidencia, Administracións Públicas e

Xustiza e os organismos dependentes dela no concello de Cariño, así como os compromisos asumidos con ese concello para o ano 2007 desde a toma de posesión do novo Goberno

BOPG núm. 311, do 15.03.2007

Resposta do Goberno: Doc. núm. 18988

- 07/PRE-8295(18221) (18987)

Grupo Parlamentario Popular de Galicia

Calvo Pouso, Diego e Cerdido Pintos, María Marta

Sobre os datos referentes aos investimentos levados a cabo pola Consellería de Presidencia, Administracións Públicas e Xustiza e os organismos dependentes dela no concello de Mugardos, así como os compromisos asumidos con ese concello para o ano 2007 desde a toma de posesión do novo Goberno

BOPG núm. 311, do 15.03.2007

Resposta do Goberno: Doc. núm. 18987

- 07/PRE-8321(18308) (18996)

Grupo Parlamentario Popular de Galicia

Calvo Pouso, Diego e Cerdido Pintos, María Marta

Sobre os datos referentes aos investimentos levados a cabo pola Consellería de Presidencia, Administracións Públicas e Xustiza e os organismos dependentes dela no concello de Mañón, así como os compromisos asumidos con ese concello para o ano 2007 desde a toma de posesión do novo Goberno

BOPG núm. 318, do 23.03.2007

Resposta do Goberno: Doc. núm. 18996

- 07/PRE-8334(18321) (18992)

Grupo Parlamentario Popular de Galicia

Calvo Pouso, Diego e Cerdido Pintos, María Marta

Sobre os datos referentes aos investimentos levados a cabo pola Consellería de Presidencia, Administracións Públicas e Xustiza e os organismos dependentes dela no concello de Cedeira, así como os compromisos asumidos con ese concello para o ano 2007 desde a toma de posesión do novo Goberno

BOPG núm. 318, do 23.03.2007

Resposta do Goberno: Doc. núm. 18992

- 07/PRE-8339(18330) (19036)

Grupo Parlamentario Popular de Galicia

López Besteiro, Manuela e Rodríguez Fernández, Maximino

Sobre as razóns polas que se establecen os criterios para a concesión das subvencións convocadas para o fomento do uso do galego nos centros educativos de educación infantil, especial, de adultos, primaria, secundaria, bacharelato e formación profesional para o ano 2007, ao abeiro das resolucións da Secretaría Xeral de Política Lingüística do 1 de marzo e 13 de febreiro de 2007

BOPG núm. 318, do 23.03.2007

Resposta do Goberno: Doc. núm. 19036

- 07/PRE-8352(18364) (18993)

Grupo Parlamentario Popular de Galicia

Calvo Pouso, Diego e Cerdido Pintos, María Marta

Sobre os datos referentes aos investimentos levados a cabo pola Consellería de Presidencia, Administracións Públicas e Xustiza e os organismos dependentes dela no concello de Cerdido, así como os compromisos asumidos con ese concello para o ano 2007 desde a toma de posesión do novo Goberno

BOPG núm. 318, do 23.03.2007

Resposta do Goberno: Doc. núm. 18993

- 07/PRE-8365(18377) (18994)

Grupo Parlamentario Popular de Galicia

Calvo Pouso, Diego e Cerdido Pintos, María Marta

Sobre os datos referentes aos investimentos levados a cabo pola Consellería de Presidencia, Administracións Públicas e Xustiza e os organismos dependentes dela no concello de Valdoviño, así como os compromisos asumidos con ese concello para o ano 2007 desde a toma de posesión do novo Goberno

BOPG núm. 318, do 23.03.2007

Resposta do Goberno: Doc. núm. 18994

- 07/PRE-8377(18389) (18995)

Grupo Parlamentario Popular de Galicia

Calvo Pouso, Diego e Cerdido Pintos, María Marta

Sobre os datos referentes aos investimentos levados a cabo pola Consellería de Presidencia, Administracións Públicas e Xustiza e os organismos dependentes dela no concello de Moeche, así como os compromisos asumidos con ese concello para o ano 2007 desde a toma de posesión do novo Goberno

BOPG núm. 318, do 23.03.2007

Resposta do Goberno: Doc. núm. 18995

- 07/PRE-8384(18410) (19029)

Grupo Parlamentario Popular de Galicia

Fervenza Costas, José

Sobre a situación xerada coa actualización do catastro no concello de Moaña e as medidas necesarias para explicar e orientar os veciños nas súas reclamacións

BOPG núm. 318, do 23.03.2007

Resposta do Goberno: Doc. núm. 19029

- 07/PRE-8385(18411) (19078)

Grupo Parlamentario Popular de Galicia

Rojo Noguera, Pilar e Gómez Alonso, Alejandro

Sobre as razóns da paralización das obras da estrada Porráns-Barro-Santa Lucía, no concello de Barro, e os prazos previstos para a súa continuación e remate

BOPG núm. 318, do 23.03.2007

Resposta do Goberno: Doc. núm. 19078

- 07/PRE-8401(18527) (19043)

Grupo Parlamentario Popular de Galicia

Calvo Pouso, Diego e Cerdido Pintos, María Marta

Sobre os datos referentes aos investimentos levados a cabo pola Consellería de Economía e Facenda e os organismos dependentes dela no concello da Capela, así como os compromisos asumidos con ese concello para o ano 2007 desde a toma de posesión do novo Goberno

BOPG núm. 322, do 29.03.2007

Resposta do Goberno: Doc. núm. 19043

- 07/PRE-8413(18544) (19042)

Grupo Parlamentario Popular de Galicia

Calvo Pouso, Diego e Cerdido Pintos, María Marta

Sobre os datos referentes aos investimentos levados a cabo pola Consellería de Economía e Facenda e os organismos dependentes dela no concello de San Sadurniño, así como os compromisos asumidos con ese concello para o ano 2007 desde a toma de posesión do novo Goberno

BOPG núm. 322, do 29.03.2007

Resposta do Goberno: Doc. núm. 19042

- 07/PRE-8426(18593) (19041)

Grupo Parlamentario Popular de Galicia

Calvo Pouso, Diego e Cerdido Pintos, María Marta

Sobre os datos referentes aos investimentos levados a cabo pola Consellería de Economía e Facenda e os organismos dependentes dela no concello de Neda, así como os compromisos asumidos con ese concello para o ano 2007 desde a toma de posesión do novo Goberno

BOPG núm. 322, do 29.03.2007

Resposta do Goberno: Doc. núm. 19041

- 07/PRE-8433(18600) (19002)

Grupo Parlamentario Popular de Galicia

Calvo Pouso, Diego e Cerdido Pintos, María Marta

Sobre os datos referentes aos investimentos levados a cabo pola Consellería de Presidencia, Administracións Públicas e Xustiza e os organismos dependentes dela no concello de Neda, así como os compromisos asumidos con ese concello para o ano 2007 desde a toma de posesión do novo Goberno

BOPG núm. 322, do 29.03.2007

Resposta do Goberno: Doc. núm. 19002

- 07/PRE-8439(18606) (19040)

Grupo Parlamentario Popular de Galicia

Calvo Pouso, Diego e Cerdido Pintos, María Marta

Sobre os datos referentes aos investimentos levados a cabo pola Consellería de Economía e Facenda e os organismos dependentes dela no concello de Narón, así como os compromisos asumidos con ese concello para o ano 2007 desde a toma de posesión do novo Goberno

BOPG núm. 322, do 29.03.2007

Resposta do Goberno: Doc. núm. 19040

- 07/PRE-8446(18613) (19001)

Grupo Parlamentario Popular de Galicia

Calvo Pouso, Diego e Cerdido Pintos, María Marta

Sobre os datos referentes aos investimentos levados a cabo pola Consellería de Presidencia, Administracións Públicas e Xustiza e os organismos dependentes dela no concello de Narón, así como os compromisos asumidos con ese concello para o ano 2007 desde a toma de posesión do novo Goberno

BOPG núm. 322, do 29.03.2007

Resposta do Goberno: Doc. núm. 19001

- 07/PRE-8455(18661) (19039)

Grupo Parlamentario Popular de Galicia

Calvo Pouso, Diego e Cerdido Pintos, María Marta

Sobre os datos referentes aos investimentos levados a cabo pola Consellería de Economía e Facenda e os organismos dependentes dela no concello de Ferrol, así como os compromisos asumidos con ese concello para o ano 2007 desde a toma de posesión do novo Goberno

BOPG núm. 322, do 29.03.2007

Resposta do Goberno: Doc. núm. 19039

- 07/PRE-8462(18668) (19000)

Grupo Parlamentario Popular de Galicia

Calvo Pouso, Diego e Cerdido Pintos, María Marta

Sobre os datos referentes aos investimentos levados a cabo pola Consellería de Presidencia, Administracións Públicas e Xustiza e os organismos dependentes dela no concello de Ferrol, así como os compromisos asumidos con ese concello para o ano 2007 desde a toma de posesión do novo Goberno

BOPG núm. 322, do 29.03.2007

Resposta do Goberno: Doc. núm. 19000

- 07/PRE-8468(18674) (19038)

Grupo Parlamentario Popular de Galicia

Calvo Pouso, Diego e Cerdido Pintos, María Marta

Sobre os datos referentes aos investimentos levados a cabo pola Consellería de Economía e Facenda e os organismos dependentes dela no concello de Fene, así como os compromisos asumidos con ese concello para o ano 2007 desde a toma de posesión do novo Goberno

BOPG núm. 322, do 29.03.2007

Resposta do Goberno: Doc. núm. 19038

- 07/PRE-8475(18681) (18999)

Grupo Parlamentario Popular de Galicia

Calvo Pouso, Diego e Cerdido Pintos, María Marta

Sobre os datos referentes aos investimentos levados a cabo pola Consellería de Presidencia, Administracións Públicas e Xustiza e os organismos dependentes dela no concello de Fene, así como os compromisos asumidos con ese concello para o ano 2007 desde a toma de posesión do novo Goberno

BOPG núm. 322, do 29.03.2007

Resposta do Goberno: Doc. núm. 18999

- 07/PRE-8481(18687) (19037)

Grupo Parlamentario Popular de Galicia

Calvo Pouso, Diego e Cerdido Pintos, María Marta

Sobre os datos referentes aos investimentos levados a cabo pola Consellería de Economía e Facenda e os organismos dependentes dela no concello de Cabanas, así como os compromisos asumidos con ese concello para o ano 2007 desde a toma de posesión do novo Goberno

BOPG núm. 322, do 29.03.2007

Resposta do Goberno: Doc. núm. 19037

- 07/PRE-8488(18695) (18998)

Grupo Parlamentario Popular de Galicia

Calvo Pouso, Diego e Cerdido Pintos, María Marta  
Sobre os datos referentes aos investimentos levados a cabo pola Consellería de Presidencia, Administracións Públicas e Xustiza e os organismos dependentes dela no concello de Cabanas, así como os compromisos asumidos con ese concello para o ano 2007 desde a toma de posesión do novo Goberno BOPG núm. 322, do 29.03.2007  
Resposta do Goberno: Doc. núm. 18998

- 07/PRE-8494(18701) (19003)

Grupo Parlamentario Popular de Galicia

Calvo Pouso, Diego e Cerdido Pintos, María Marta  
Sobre os datos referentes aos investimentos levados a cabo pola Consellería de Economía e Facenda e os organismos dependentes dela no concello de Ares, así como os compromisos asumidos con ese concello para o ano 2007 desde a toma de posesión do novo Goberno  
BOPG núm. 322, do 29.03.2007  
Resposta do Goberno: Doc. núm. 19003

- 07/PRE-8501(18708) (18997)

Grupo Parlamentario Popular de Galicia

Calvo Pouso, Diego e Cerdido Pintos, María Marta  
Sobre os datos referentes aos investimentos levados a cabo pola Consellería de Presidencia, Administracións Públicas e Xustiza e os organismos dependentes dela no concello de Ares, así como os compromisos asumidos con ese concello para o ano 2007 desde a toma de posesión do novo Goberno  
BOPG núm. 322, do 29.03.2007  
Resposta do Goberno: Doc. núm. 18997

- 07/PRE-8508(18743) (19031)

Grupo Parlamentario do Bloque Nacionalista Galego

Lobeira Domínguez, Bieito  
Sobre a toponimia galega que practica o Instituto Xeográfico Nacional, dependente do Ministerio de Fomento  
BOPG núm. 322, do 29.03.2007  
Resposta do Goberno: Doc. núm. 19031

Santiago de Compostela, 10 de abril de 2007

María Tereixa Paz Franco  
Vicepresidenta 1.<sup>a</sup>



OFICINA PARLAMENTAR  
**Parlamento de Galiza**  
Rúa do Hórreo, s/n. Tel. 0034 981 551 545  
Fax. 0034 981 551 420. Fax prensa: 0034 981 551 421  
gp-bng@parlamentodegalicia.es  
15702 Santiago de Compostela  
Galiza



**PARLAMENTO DE GALICIA**  
**REXISTRO XERAL ENTRADA**  
Data asento: 03/04/2007 11:05  
**Nº Rexistro: 19021**  
Data envío: 03/04/2007 11:05:07

## Á Mesa do Parlamento

**O Grupo Parlamentar do Bloque Nacionalista Galego (BNG)**, por iniciativa do seu deputado **Bieito Lobeira Domínguez** e ao abeiro do Regulamento da Cámara, presenta a seguinte **Proposición non de lei**, para o seu debate en Pleno, relativa á adopción de medidas para a normalización lingüística na administración local.

Os 315 concellos existentes na Comunidade Autónoma de Galiza manteñen un uso desigual do noso idioma. En moitos casos hai incumprimentos flagrantes da propia legalidade. Non só non se manteñen os mínimos legais, vixentes desde hai décadas, senón que en ocasións se combaten abertamente, de xeito consciente e deliberado, desobedecendo até mandatos e sentenzas xudiciais.

O Plano Xeral de Normalización da Lingua Galega, aprobado por unanimidade no Parlamento de Galiza en Setembro de 2004, establece unha serie de mínimos de galeguización que tamén seguen a ser desouvidos por moitos concellos e deputacións provinciais.

Unha análise sobre o nivel de galeguización das páxinas web que posúen as diversas administracións locais, evidencia o problema descrito.

Así, por exemplo, a pertencente á Deputación Provincial de Lugo ([www.diputacionlugo.org](http://www.diputacionlugo.org)) exclúe literalmente o idioma galego. O mesmo acontece con concellos como o de Sada ([www.ayuntamientodesada.org](http://www.ayuntamientodesada.org)), co curioso encabezamento de “La Perla de Las Mariñas”, Foz ([www.concellodefz.org](http://www.concellodefz.org)) ou A



OFICINA PARLAMENTAR  
Parlamento de Galiza  
Rúa do Hórreo, s/n. Tel. 0034 981 551 545  
Fax. 0034 981 551 420. Fax prensa: 0034 981 551 421  
gp-bng@parlamentodegalicia.es  
15702 Santiago de Compostela  
Galiza



PARLAMENTO DE GALICIA  
REXISTRO XERAL ENTRADA  
Data asento: 03/04/2007 11:05  
Nº Rexistro: 19021  
Data envío: 03/04/2007 11:05:07

Guarda ([www.concellodaguarda.com](http://www.concellodaguarda.com)). Outros concellos manteñen o español como lingua inicial, relegando ao galego a un estatus idéntico ao inglés, como no caso de Cangas, Tui ou Baiona. O caso d'A Coruña é espectacular: A ilegalidade toponímica que practican desde hai anos, con absoluta impunidade o(s) seu(s) alcalde(s) e goberno(s) municipal(is), leva a que esa mesma ilegalidade se manteña tamén na versión inglesa, idioma que –como é coñecido- nin sequera posúe o fonema “ñ”.  
Aberrante.

En calquera caso, o Goberno de Galiza debe adoptar todas as medidas precisas ao seu alcance para garantir o cumprimento da legalidade nas administracións locais, mais tamén para promover accións de normalización lingüística destas institucións, tanto internamente como aquelas vinculadas á promoción social do noso idioma.

A Lei así o determina. O artigo 2.1 da Lei 5/1988, de 21 de Xuño, do uso do galego como lingua oficial de Galiza polas entidades locais (hai case vinte anos da súa aprobación), establece que, efectivamente, *“correspóndelle á Xunta de Galiza o proceso de incorporación da lingua galega na administración local (...)”*.

Máis recentemente a Lei 5/1997, do 22 de Xullo, da Administración Local de Galiza, determina literalmente, no seu artigo 7.1, o seguinte:

*“O galego, como lingua propia de Galiza, éo tamén da súa administración local. As convocatorias de sesións, ordes do día, mocións, votos particulares, propostas de acordo, ditames das comisións informativas, actas, notificacións, recursos, escrituras públicas, comparecencias xudiciais e todos os actos de carácter*



OFICINA PARLAMENTAR  
Parlamento de Galiza  
Rúa do Hórreo, s/n. Tel. 0034 981 551 545  
Fax. 0034 981 551 420. Fax prensa: 0034 981 551 421  
gp-bng@parlamentodegalicia.es  
15702 Santiago de Compostela  
Galiza



PARLAMENTO DE GALICIA  
REXISTRO XERAL ENTRADA  
Data asento: 03/04/2007 11:05  
Nº Rexistro: 19021  
Data envío: 03/04/2007 11:05:07

*público ou administrativo que se realicen por escrito en nome das corporacións locais redactaranse en lingua galega”*

Neste mesmo texto legal, artigos 48, 49, 50, determínase tamén a fixación do nome oficial do concello e as atribucións do goberno de Galiza a este respecto. E en canto aos dereitos dos administrados e administradas, o artigo 252.2 d) consagra, efectivamente, o dereito a utilizar o idioma galego nas relacións coas corporacións locais.

É evidente que esta legalidade, aínda sendo tímida, insuficiente e limitada, non só non se cumpre en moitos casos (concellos, deputacións, mancomunidades), senón que se vulnera de xeito pomposo e mesmo provocador. En canto á toponimia, por exemplo, no caso do concello de A Coruña: contra as leis e as sentenzas xudiciais. Tamén no que ten a ver coa vulneración de dereitos lingüísticos das persoas, ou co emprego exclusivo do español a mantenta na documentación oficial.

Neste contexto, existen servizos de normalización lingüística en concellos – nomeadamente Vigo- utilizados como simples pretexto de suposto compromiso coa lingua galega, mais carentes de funcionalidade, e esganados en ocasións polo propio goberno municipal.

Na actualidade contan con Servizo de Normalización Lingüística 48 concellos (o que supón o 15,2% do total dos concellos galegos), segundo datos do estudo sobre os servizos lingüísticos que elaborou a Coordinadora de Traballadoras e Traballadores de Normalización da Lingua (CTNL). Son os seguintes:



OFICINA PARLAMENTAR  
Parlamento de Galicia  
Rúa do Hórreo, s/n. Tel. 0034 981 551 545  
Fax. 0034 981 551 420. Fax prensa: 0034 981 551 421  
gp-bng@parlamentodegalicia.es  
15702 Santiago de Compostela  
Galiza

- |                         |            |                          |                |
|-------------------------|------------|--------------------------|----------------|
| - Abegondo              | - Ames     | - Arteixo                | - As Pontes    |
| - Betanzos              | - Boiro    | - Carnota                | - Carballo     |
| - Culleredo             | - Dumbría  | - Ferrol                 | - Fene         |
| - Melide                | - Miño     | - Muxía                  | - Ponteceso    |
| - Pontedeume            | - Ribeira  | - Santiago de Compostela | - Teo          |
| - Val do Dubra          | - Vedra    | - Vimianzo               | - Chantada     |
| - Lán cara              | - Lugo     | - Palas de Rei           | - Pol          |
| - Ribadeo               | - Vilalba  | - Allariz                | - O Carballiño |
| - O Barco de Valdeorras | - A Cañiza | - A Estrada              | - A Lama       |
| - Cambados              | - Mos      | - O Porriño              | - Moaña        |
| - Ogrobe                | - Poio     | - Ponteareas             | - Pontevedra   |
| - Redondela             | - Valga    | - Vigo                   | - Vilagarcía.  |

Con todo, da información dispoñíbel despréndese que aproximadamente o 75% dos concellos que contan con este servizo non desenvolven através deste instrumento actuacións mínimas no ámbito lingüístico. Nalgúns casos, son departamentos exclusivamente dedicados á tradución de textos, fóra de calquer acción de dinamización sociolingüística. Noutros, as persoas contratadas desvíanse directamente a outro tipo de traballos administrativos nos concellos (boa parte destes servizos artículanse pola vía da subvención procedente da administración autonómica). Na dirección contraria, compre recoñecer que hai servizos de normalización lingüística ben activos e cun labor encomiábel en moitos destes concellos.

Á marxe da evidente falta de vontade política da que fan gala algúns concellos por defender os dereitos lingüísticos de galegos e galegas, o certo é que non existe a





OFICINA PARLAMENTAR  
Parlamento de Galiza  
Rúa do Hórreo, s/n. Tel. 0034 981 551 545  
Fax. 0034 981 551 420. Fax prensa: 0034 981 551 421  
gp-bng@parlamentodegalicia.es  
15702 Santiago de Compostela  
Galiza

día de hoxe ningunha definición institucional e formal dos servizos de normalizacións lingüística, nin órgano institucional de ningún tipo que coordine as tarefas destes servizos.

Se a propia lei se incumpre, os obxectivos previstos no Plano Xeral de Normalización da lingua galega (PXNLG) fican absolutamente a anos luz do comportamento de moitos concellos e deputacións en materia lingüística.

Sería contodo inxusto non recoñecer tamén o meritorio labor non xa de cumprimento, mais tamén de avanzo público e social nalgúns concellos. Casos como o de As Pontes evidencian como, cando se trata de que o galego conquiste novos espazos, reaxe a propia Administración Xeral do Estado denunciando xudicialmente a correspondente Ordenanza Municipal. Mágoa que non existe a mesma enerxía cando se trata de exixir o cumprimento da legalidade por parte dos concellos que de xeito sistemático desafían leis e desobedecen sentenzas.

Así as cousas, cumpre definir, desde o Goberno de Galiza, unha actuación dirixida á administración local para a efectiva normalización da lingua galega nese ámbito, facendo cumprir a legalidade e impulsando as medidas previstas no PXNLG.

Estas son as razóns que levan ao Grupo Parlamentar do Bloque Nacionalista Galego a formular a seguinte Proposición non de lei para o seu tratamento en Pleno:

O Parlamento de Galiza insta o Goberno galego a :



OFICINA PARLAMENTAR  
Parlamento de Galiza  
Rúa do Hórreo, s/n. Tel. 0034 981 551 545  
Fax. 0034 981 551 420. Fax prensa: 0034 981 551 421  
gp-bng@parlamentodegalicia.es  
15702 Santiago de Compostela  
Galiza

1.º) Garantir en todos os concellos a utilización da denominación xenuína, na súa forma oficial, dos seus topónimos.

2.º) Estabelecer que todos os departamentos e órganos dependentes das deputacións e concellos (oficina de atención ao público, instalacións deportivas, televisións e radios municipais, servizos de augas, etc.) teñan a lingua galega como lingua xeral de referencia oral e escrita, incluíndo a rotulación de instalacións e mobiliario urbano, impresos e documentación, carimbos, mensaxes informáticas e sitios web, selos, mataselos e elementos de identificación análogas, así como as de comunicacións e notificacións dirixidas a persoas físicas ou xurídicas.

3.º) Estabelecer que os actos xurídicos documentados e as relacións xurídicas e notariais da administración local, que se refiran a actividades de ámbito galego, se redactarán en lingua galega.

4.º) Estabelecer que en todos os pregos de condicións e concursos das institucións locais e provinciais se incluírán de oficio a cláusula de que as ofertas e estudos técnicos que se acompañen deberán, polo menos, estar redixidos en galego.

5.º) Estabelecer que todos os traballos topográficos e cartográficos que fagan ou encarguen as administracións (maioritariamente deputacións e concellos, servizos de concentración parcelaria e o catastro) teñan que levar incorporada a recollida de microtoponimia, conforme o sistema deseñado pola Comisión de Toponimia e que o material toponímico recollido deberá ser remitido ao SITGA, para a súa organización e posta á disposición da sociedade na Rede.



OFICINA PARLAMENTAR  
**Parlamento de Galicia**  
Rúa do Hórreo, s/n. Tel. 0034 981 551 545  
Fax. 0034 981 551 420. Fax prensa: 0034 981 551 421  
gp-bng@parlamentodegalicia.es  
15702 Santiago de Compostela  
Galiza



**PARLAMENTO DE GALICIA**  
**REXISTRO XERAL ENTRADA**  
Data asento: 03/04/2007 11:05  
**Nº Rexistro: 19021**  
Data envío: 03/04/2007 11:05:07

7.º) Estabelecer que todos os contratos, axudas públicas, articulados desde as administracións locais, de calquera tipo, deberán producir un aumento efectivo da presenza do galego na correspondente entidade receptora, realizando tamén accións de avaliación do cumprimento deste precepto.

8.º) Estabelecer normas xerais e uniformes sobre capacidade exixíbel nos procesos de acceso á función pública e no desempeño desta función.

9.º) Programar un novo proceso de formación lingüística dos funcionarios e funcionarias da administración local que teña como obxectivo mellorar as actitudes, a fluidez expresiva e máis o coñecemento do vocabulario técnico específico.

10.º) Diseñar programas de fixación e divulgación da linguaxe administrativa en coordinación coa Escola Galega de Administración Pública e Territorial.

11.º) Estabelecer a denominada “oferta positiva” na atención aos cidadáns e cidadás en todos os concellos e deputacións, isto é: no desempeño das súa profesión os funcionarios e funcionarias dirixiranse aos cidadáns, nas súas comunicacións orais directas e nas resposta telefónicas, en lingua galega.

12.º) Trasladar a concellos e deputacións a resolución contemplada no PXNLG consistente en que alcaldes e alcaldesas, presidentes de deputacións e outros cargos públicos das administracións locais fagan uso público tanto oral como escrito, de xeito sistemático, da lingua galega no desempeño da súa responsabilidade pública.



OFICINA PARLAMENTAR  
**Parlamento de Galiza**  
Rúa do Hórreo, s/n. Tel. 0034 981 551 545  
Fax. 0034 981 551 420. Fax prensa: 0034 981 551 421  
gp-bng@parlamentodegalicia.es  
15702 Santiago de Compostela  
Galiza



**PARLAMENTO DE GALICIA**  
**REXISTRO XERAL ENTRADA**  
Data asento: 03/04/2007 11:05  
**Nº Rexistro: 19021**  
Data envío: 03/04/2007 11:05:07

13º) Estabelecer que todo o material de escritorio, informática e comunicación (fax, telemóvel, etc.) adquirido polas administracións locais deberán estar adaptados no maior grao posíbel á lingua galega.

14º) Colaborar, no ámbito das súas facultades competencias e a través dos acordos ou convenios subscritos ou a subscribir con comunidades autónomas nos que existe comunidade lingüística galego-falante, con concellos localizados fóra dos actuais lindes administrativos da Comunidade Autónoma de Galiza, a fin de facer efectivo o exercicio dos dereitos lingüísticos da poboación existente nesas comarcas.

15º) Elaborar, desde a Secretaria Xeral de Política Lingüística un modelo de Ordenanza Municipal de Normalización Lingüística que, contando coas medidas incluídas na presente Proposición non de lei, se distribúa a todos os concellos galegos que aínda non contén con este instrumento, fixando un prazo dun ano para a aprobación efectiva desta norma.

16º) Estabelecer criterios e órgaos de coordinación dos departamentos técnicos para a normalización lingüística nas entidades locais, así como para a súa creación noutros concellos, ben directamente, ben consorciados con criterios de comarcalización cos obxectivos de:

- a) Incrementar o uso e prestixio do galego no ámbito de actuación da correspondente administración local.
- b) Velar polo cumprimento da lexislación en materia lingüística.
- c) Garantir o exercicio efectivo dos dereitos lingüísticos da sociedade galega.



OFICINA PARLAMENTAR

Parlamento de Galiza

Rúa do Hórreo, s/n. Tel. 0034 981 551 545  
Fax. 0034 981 551 420. Fax prensa: 0034 981 551 421  
gp-bng@parlamentodegalicia.es  
15702 Santiago de Compostela  
Galiza



PARLAMENTO DE GALICIA  
REXISTRO XERAL ENTRADA  
Data asento: 03/04/2007 11:05  
Nº Rexistro: 19021  
Data envío: 03/04/2007 11:05:07

- d) Planificar, xestionar, executar e avaliar accións en defensa da lingua galega en todo o ámbito de influencia do concello.

Santiago de Compostela, 28 de marzo de 2007.

Asdo.: Bieito Lobeira Domínguez

Deputado e portavoz s. do G.P. do BNG.

**Asinado dixitalmente por:**

**Bieito Lobeira Domínguez na data 03/04/2007 11:03:06**

## Á Mesa do Parlamento

O Grupo Parlamentario Popular de Galicia, a través do seu Portavoz e a iniciativa de ROBERTO CASTRO GARCÍA, MARÍA AMPARO GONZÁLEZ MÉNDEZ, ANTONIO RODRÍGUEZ MIRANDA, JOSÉ MANUEL BALTAR BLANCO, AGUSTÍN BAAMONDE DÍAZ, JAIME CASTIÑEIRA BROZ, CARMEN J. SALGADO NÚÑEZ e CÉSAR A. PÉREZ ARES, atendendo á solicitude de reformulación por parte da Mesa da Proposición Non de Lei en Comisión con número de rexistro **18844**, presenta a seguinte **REFORMULACIÓN** da iniciativa que quedaría redactada como segue a continuación:

## Á Mesa do Parlamento

O Grupo Parlamentario Popular de Galicia, a través do seu Portavoz e a iniciativa de ROBERTO CASTRO GARCÍA, MARÍA AMPARO GONZÁLEZ MÉNDEZ, ANTONIO RODRÍGUEZ MIRANDA, JOSÉ MANUEL BALTAR BLANCO, AGUSTÍN BAAMONDE DÍAZ, JAIME CASTIÑEIRA BROZ, CARMEN J. SALGADO NÚÑEZ e CÉSAR A. PÉREZ ARES, ao abeiro do disposto no Artigo 160 e concordantes do Regulamento da Cámara, presentan a seguinte **Proposición Non de Lei para o seu debate e votación na Comisión 7ª –Agricultura, Alimentación, Gandería e Montes.**

### Exposición de Motivos

Dende a chegada deste bigoberno a San Caetano –a primeiros de agosto de 2.005- os anuncios de estilo propagandístico son frecuentes.

No que atinxe a Medio Rural, tódolos días se están a ver aparentes novas sobre os máis diversos aspectos que –logo dunha análise razoablemente exhaustiva- resultan menos “impactantes” do que se puidera pensar a primeira vista.

O obxectivo do bigoberno é dar a entender que se fan moitas cousas; que imos por diante doutras CC.AA.; que “agora sí” se fan

ben as cousas; que esto sí é cambio... cando todos sabemos que a estas alturas do século XXI xa está todo practicamente inventado.

De entre todos eses anuncios cos que nos “bombardean” dende os medios de comunicación, están as centrais de biomasa que –ao parecer- se van a poñer en marcha xa.

Parece ser que van a ser sete as instalacións deste tipo, as que van a estar en funcionamento en Galicia. Dende o Grupo Parlamentario Popular de Galicia xa se pediu a Comparecencia do Excmo. Sr. Conselleiro de Medio Rural, co fin de que explique polo miúdo e en sede parlamentaria, todo o que atinxe a este asunto. Ata o de agora, non foi posible esa comparecencia pero agardamos que máis pronto que tarde, se poida celebrar.

Por iso, as Deputadas e Deputados que asinan presentan a seguinte PROPOSICIÓN NON DE LEI para o seu debate e votación en Comisión:

*“O Parlamento insta á Xunta de Galicia a remitir a esta Cámara, en relación coa futura posta en marcha de sete centrais de Biomasa en Galicia:*

- a) Ubicación das Centrais e características técnicas.*
- b) Prazos de construción e inicio de actividades.*
- c) Participación accionarial –no seu caso- da Xunta de Galicia no proxecto.*
- d) Orixe da biomasa; transporte; almacenamento; tratamento.*
- e) Aproveitamentos enerxéticos.”*

Santiago de Compostela, 4 de abril de 2.007

**Asinado dixitalmente por:**

**José Manuel Barreiro Fernández na data 04/04/2007 13:45:01**

**Roberto Castro García na data 04/04/2007 13:45:06**

**María Amparo González Méndez na data 04/04/2007 13:45:11**

**Antonio Rodríguez Miranda na data 04/04/2007 13:45:19**

**José Manuel Baltar Blanco na data 04/04/2007 13:45:30**

**Agustín Baamonde Díaz na data 04/04/2007 13:45:37**

**Jaime Castiñeira Broz na data 04/04/2007 13:45:47**

**Carmen Janet Salgado Núñez na data 04/04/2007 13:45:58**

**César Pérez Ares na data 04/04/2007 13:46:09**





**Grupo Parlamentario  
Popular de Galicia**

## **Á Mesa do Parlamento**

O Grupo Parlamentario Popular de Galicia, a través do seu Portavoz, e por iniciativa da deputada Manuela López Besteiro e do deputado Jaime Castiñeira Broz, e ó abeiro do artigo 160 e concordantes do Regulamento da Cámara presenta a seguinte **Proposición Non de Lei para o seu debate en Comisión.**

### Exposición de Motivos

A Universidade de Santiago ten, no seu campus de Lugo un conxunto de titulacións e infraestruturas racionalmente elixidos en función das necesidades de desenvolvemento da provincia lucense, con amplo respaldo social e das institucións de Lugo e nomeadamente da Deputación Provincial que leva feito grandes esforzos presupostarios por impulsar e potenciar o campus universitario.

Na última asignación de novas titulacións universitarias que afectan o sistema universitario de Galicia acordouse que no campus de Lugo se instalasen as Obras Públicas e Topografía, que se acollerán de xeito provisional na escola politécnica. O incremento de alumnado nestas titulacións converte en urxente a necesidade de dispoñer dun edificio propio.

No convenio asinado entre a universidade de Santiago e a Deputación de Lugo establécese o compromiso de financiación para a construción do citado edificio e, no mesmo acto de sinatura, o Señor Reitor solicitou publicamente o apoio da Consellería de Educación para a construción do edificio que debe albergar as titulacións anteriormente mencionadas.



**Grupo Parlamentario  
Popular de Galicia**

Por isto:

“O Parlamento insta á Xunta de Galicia a aportar a cantidade necesaria para, en colaboración coa Universidade e coa Deputación de Lugo, garantir a construción do edificio de Obras Públicas e Topografía.”

Santiago de Compostela, 30 de marzo de 2007

**Asinado dixitalmente por:**

**José Manuel Barreiro Fernández na data 30/03/2007 13:24:09**

**Manuela López Besteiro na data 30/03/2007 13:24:13**



**Jaime Castiñeira Broz na data 30/03/2007 13:24:23**



**XUNTA DE GALICIA**  
 CONSELLERÍA DE PRESIDENCIA,  
 ADMINISTRACIÓN PÚBLICAS  
 E XUSTIZA

Pazo de Raxol  
 15705 SANTIAGO DE COMPOSTELA  
 Teléfono 981 54 49 19

Dirección Xeral de Relacións Parlamentarias



Solicítase, ao abeiro do disposto no artigo 143 do Regulamento da Cámara, a comparecencia ante a Comisión 5ª, "Sanidade, Política Social e Emprego", do director xeral de Xuventude e Solidariedade para informar sobre "as liñas xerais que van presidir o proceso de elaboración dunha nova Lei do voluntariado".

Santiago de Compostela, 3 de abril de 2007

O director xeral de Relacións Parlamentarias

Mariño Suárez Varela Flores

Excm. Sra. Presidenta do Parlamento de Galicia

## Á MESA DO PARLAMENTO

O Grupo Parlamentario Popular de Galicia, a través do seu Portavoz e ao abeiro do disposto no artigo 144 e concordantes do Regulamento da Cámara, solicita se proceda á tramitación da Comparecencia en Comisión do Director Xeral de Estruturas e Mercados de Pesca.

Os deputados asinantes, solicitan a Comparecencia do Director Xeral de Estruturas e Mercados de Pesca, para que explique á Cámara as consecuencias negativas que está a provocar a aplicación do Decreto 101/2006, do 8 de xuño, sobre modificación do Decreto 419/1993, polo que se refunde a normativa vixente sobre descarga, primeira venda e comercialización dos recursos mariños vivos, e a través do que se introduciron unha serie de modificacións no sistema de venda nas lonxas.

Parlamento de Galicia, 3 de abril de 2007

### **Asinado dixitalmente por:**

**José Manuel Barreiro Fernández na data 03/04/2007 13:51:33**

**José Manuel Balseiro Orol na data 03/04/2007 13:51:47**

**José Fervenza Costas na data 03/04/2007 13:52:01**

**Manuel Santos Ruíz Rivas na data 03/04/2007 13:52:13**

**Jose Manuel Castelao Bragaña na data 03/04/2007 13:52:24**

**Xosé Cuiña Crespo na data 03/04/2007 13:52:37**

**Beatriz Mato Otero na data 03/04/2007 13:52:48**

**Jaime Alberto Pita Varela na data 03/04/2007 13:53:00**

**Marta Rodríguez Arias na data 03/04/2007 13:53:18**

## Á Mesa do Parlamento

PILAR ROJO NOGUERA e JOSE MANUEL BALSEIRO OROL, deputados pertencentes ao Grupo Parlamentario Popular de Galicia, ao abeiro do disposto no artigo 152 e concordantes do Regulamento da Cámara, presentan a seguinte **Pregunta para a súa resposta oral en Pleno**:

A Xunta de Galicia ten suspendidas temporalmente as Normas Subsidiarias de Planeamento do concello de VIVEIRO, aprobadas no ano 1986, por Resolución da Consellería de Política Territorial, Obras Públicas e Transportes de data 23 de marzo de 2006, existindo neste momento unha ordenación urbanística provisional, aprobada polo decreto publicado no DOG o 23/06/06.

Pero parece como si non pasara nada, pois continúaase a construír sen control, e mesmo estanse a resolver licencias por silencio administrativo, que por suposto é un dereito que teñen os administrados, pero sempre e cando os expedientes cumpran os requisitos do artigo 195, pto. 5 da lei 9/2002, de 30 de decembro, de ordenación urbanística e protección do medio rural de Galicia, coas modificacións derivadas da lei 15/2004, de 29 de decembro.

Todo isto levou a que no mes de febreiro do ano en curso, o grupo municipal do PP no concello, a través do portavoz, dirixira un escrito á Conselleira de Política Territorial, no que expuña as irregularidades nos expedientes que relacionaba, aos que se lles outorgou licenza urbanística por silencio administrativo, mesmo faltando os informes xurídicos, ou con resolucións negativas da Consellería de Cultura, non autorizando as obras propostas.

Hai que salientar tamén que as situacións descritas, xa se puxeran de manifesto por medio de escritos dirixidos ao Director Xeral de Urbanismo, sen que se tivera resposta algunha.

É por todo isto que os deputados asinante teñen a ben preguntar á Consellería de Política Territorial, Obras Públicas e Transportes:

¿Ten previsto a Xunta de Galicia adoptar algunha medida en relación coas actuacións que está a desenvolver o concello de Viveiro no eido do urbanismo?

Santiago de Compostela, 22 de marzo de 2007

**Asinado dixitalmente por:**

**Pilar Rojo Noguera na data 30/03/2007 10:32:36**

**José Manuel Balseiro Orol na data 30/03/2007 10:33:22**



OFICINA PARLAMENTAR  
Parlamento de Galiza  
Rúa do Hórreo, s/n. Tel. 0034 981 551 545  
Fax. 0034 981 551 420. Fax prensa: 0034 981 551 421  
gp-bng@parlamentodegalicia.es  
15702 Santiago de Compostela  
Galiza



PARLAMENTO DE GALICIA  
REXISTRO XERAL ENTRADA  
Data asento: 30/03/2007 10:36  
Nº Rexistro: 18959  
Data envío: 30/03/2007 10:36:42

## Á Mesa do Parlamento

**Ana Belén Pontón Mondelo, Modesta Riobó Dios, Bieito Lobeira Domínguez e Carme da Silva Méndez**, deputadas e deputado do Grupo Parlamentar do Bloque Nacionalista Galego (BNG), ao abeiro do Regulamento da Cámara, presentan a seguinte **Pregunta**, para a súa resposta oral en Comisión, relativa á elaboración dun estudo integral sobre a situación da Ría de Vigo.

Galiza ten nas súas rías un patrimonio social, ecolóxico e económico valiosísimo. As nosas rías destacan, no contorno europeo e internacional, pola súa enorme riqueza e produtividade, ao tempo que son ecosistemas dun enorme valor ambiental, cultural e social.

Lamentablemente, este enorme valor non ten sido coidado axeitadamente no que se refire á atención das necesidades de saneamento e depuración integral, mantemento de espazos singulares e únicos no mundo, ou ordenación racional dos seus usos. A dispersión competencial, a falta de competencias plenas de Galiza en materias tan importantes como a ordenación do litoral, son algunhas das causas que explican problemas que hoxe ten que afrontar Galiza que, por exemplo, ve como se lle aplica unha lei de costas que non ten en conta a nosa realidade.

Por outra banda, o nacionalismo galego denunciado reiteradamente a falta de inversións e interese dos diferentes Gobernos do Estado en materia de saneamento integral das nosas rías. Así, a pesar das visitas ministeriais, promesas e protocolos asinados, este saneamento integral é aínda unha materia pendente que tardará anos en materializarse.



OFICINA PARLAMENTAR

Parlamento de Galicia

Rúa do Hórreo, s/n. Tel. 0034 981 551 545

Fax. 0034 981 551 420. Fax prensa: 0034 981 551 421

gp-bng@parlamentodegalicia.es

15702 Santiago de Compostela

Galiza



**PARLAMENTO DE GALICIA**  
**REXISTRO XERAL ENTRADA**  
Data asento: 30/03/2007 10:36  
**Nº Rexistro: 18959**  
Data envío: 30/03/2007 10:36:42

Este desleixo, ten consecuencias prácticas, que no caso da Ría de Vigo ficaron claras coa sanción do Tribunal de Xustiza das Comunidades Europeas, por incumprir a obriga imposta polo artigo 5 da Directiva 79/923/CEE, de 30 de outubro de 1979, no relativo á calidade esixida ás augas para a cría de moluscos. Unha ría na que milleiros de persoas viven directamente do mar, na pesca de baixura, na produción mexilloeira e acuícola e no marisqueo. A Ría é pois, unha fonte de riqueza, unha fonte de postos de traballo e unha parte importante da economía do noso país.

A elaboración dun Programa para reducir a contaminación na ría de Vigo (a fin de eludir o pago da sanción imposta), é unha boa noticia, dado que vai ter repercusións positivas sobre a calidade medioambiental, sobre a saúde das persoas e sobre a actividade pesqueira e marisqueira. Mais esta é só unha parte do problema de sustentabilidade e de futuro que ten a Ría, e que mesmo recentemente ,algún responsábel do Goberno galego, ten afirmado que “estaba na uvi”.

Non podemos obviar outros impactos como son: os vertidos industrias -a Xunta detectou 24 empresas que verten de maneira ilegal-; a existencia dun insuficiente dimensionamento das estacións depuradoras; a falta de medidas de depuración, por exemplo, no Porto de Vigo; os numerosos proxectos de recheos; os proxectos de praias artificiais ou os numerosos proxectos de portos deportivos. Proxectos illados dos que non se ten feito ningunha avaliación ambiental de carácter global para comprobar os seus efectos no medio e as súas consecuencias nas actividades extractivas e de acuicultura que se desenvolven na Ría, que non podemos esquecer é o modo de vida de milleiros de persoas. Carecen ademais, estes proxectos, dunha visión de conxunto dos usos do litoral, que permita facer unha ordenación e





OFICINA PARLAMENTAR  
Parlamento de Galicia  
Rúa do Hórreo, s/n. Tel. 0034 981 551 545  
Fax. 0034 981 551 420. Fax prensa: 0034 981 551 421  
gp-bng@parlamentodegalicia.es  
15702 Santiago de Compostela  
Galiza



PARLAMENTO DE GALICIA  
REXISTRO XERAL ENTRADA  
Data asento: 30/03/2007 10:36  
Nº Rexistro: 18959  
Data envío: 30/03/2007 10:36:42

planificación territorial, que sen supoñer unha limitación ao crecemento económico, non hipoteque o noso futuro.

Existe neste momento un debate importante na Galiza á respecto da destrución do litoral, que ten chamado a atención sobre a necesidade de que se establezan as directrices para a ordenación urbanística da zona litoral baseada en criterios de perdurabilidade e sostibilidade, así como para garantir a conservación, protección e posta en valor das zonas costeiras.

Na Ría de Vigo hai neste momento unha presión importante con proxectos illados entre si, carentes de visión de conxunto e de perspectiva de futuro, que poñen gravemente en cuestión o noso litoral e mesmo, con consecuencias negativas para actividade pesqueira e marisqueira e para o conxunto da poboación.

*A futura Lei de medidas urxentes en materia de ordenación do territorio e de protección do litoral*, desenvolve previsións a este respecto, que é necesario avaliar como van afectar á conservación do litoral e a sustentabilidade do desenvolvemento futuro da Ría de Vigo.

É necesario que se faga un Estudo Integral e Global de toda a Ría de Vigo, así como paralizar temporalmente os numerosos proxectos de ampliación, recheos, portos deportivos... que carecen dunha avaliación ambiental global, e que están afectando directamente á calidade das augas da Ría, ao tempo que se adoptan as medidas necesarias para garantir a conservación, protección e posta en valor da nosa costa.

Polo dito fórmulanse as seguintes preguntas para a súa resposta oral en Comisión:



OFICINA PARLAMENTAR  
Parlamento de Galiza  
Rúa do Hórreo, s/n. Tel. 0034 981 551 545  
Fax. 0034 981 551 420. Fax prensa: 0034 981 551 421  
gp-bng@parlamentodegalicia.es  
15702 Santiago de Compostela  
Galiza

1. Ten constancia a Xunta de Galiza de todos os proxectos de recheos, ampliacións, dragados, portos deportivos... que se pretenden levar adiante na Ría de Vigo? Cales son?
2. Considera a Xunta de Galiza que estes proxectos cumpren con criterios medioambientais de sustentabilidade?
3. Considera a Xunta de Galiza que estes proxectos afectan directamente á contaminación das augas da ría?
4. Considera a Xunta de Galiza que é necesario, en coordinación co Goberno Central, elaborar un Estudo Integral e Global da Ría de Vigo, no que se teñan presentes os usos e plans de futuro e a súa compatibilidade coas actividades económicas, nomeadamente marisqueo, pesca e acuicultura, e o respecto medioambiental?
5. Cal será a afectación que a futura *Lei de medidas urxentes en materia de ordenación do territorio e de protección do litoral* vai ter na ría de Vigo?

Santiago de Compostela, 30 de marzo de 2007.

Asdo.: Ana Belén Pontón Mondelo


Modesta Riobó Dios

Bieito Lobeira Domínguez

Carme da Silva Ménderz

Deputadas e deputado do G.P. do BNG.

**Asinado dixitalmente por:**



OFICINA PARLAMENTAR

**Parlamento de Galiza**

Rúa do Hórreo, s/n. Tel. 0034 981 551 545

Fax. 0034 981 551 420. Fax prensa: 0034 981 551 421

gp-bng@parlamentodegalicia.es

15702 Santiago de Compostela

Galiza



**PARLAMENTO DE GALICIA**  
**REXISTRO XERAL ENTRADA**  
**Data asento: 30/03/2007 10:36**  
**Nº Rexistro: 18959**

Data envío: 30/03/2007 10:36:42

**Ana Belén Pontón Mondelo na data 30/03/2007 10:35:14**

**Modesta Riobó Dios na data 30/03/2007 10:35:23**

**Bieito Lobeira Domínguez na data 30/03/2007 10:35:36**

**María Carme da Silva Méndez na data 30/03/2007 10:35:45**



OFICINA PARLAMENTAR  
**Parlamento de Galiza**  
Rúa do Hórreo, s/n. Tel. 0034 981 551 545  
Fax. 0034 981 551 420. Fax prensa: 0034 981 551 421  
gp-bng@parlamentodegalicia.es  
15702 Santiago de Compostela  
Galiza



**PARLAMENTO DE GALICIA**  
**REXISTRO XERAL ENTRADA**  
Data asento: 30/03/2007 11:13  
**Nº Rexistro: 18960**  
Data envío: 30/03/2007 11:13:36

## Á Mesa do Parlamento

**Bieito Lobeira Domínguez**, deputado do Grupo Parlamentar do Bloque Nacionalista Galego (BNG), ao abeiro do Regulamento da Cámara, presenta a seguinte **Pregunta**, para a súa resposta oral en Comisión, relativa ás previsións de mellora de dotacións e necesidades básicas dos veciños e veciñas da illa de Ons e de recoñecemento dos seus dereitos históricos.

A illa de Ons, á entrada da ría de Pontevedra, é un espazo singular do punto de vista medioambiental e paisaxístico, mais tamén un lugar habitado desde hai milleiros de anos até hoxe, sen que nunca os seus veciños e veciñas obtiveran ningún recoñecemento dos seus dereitos sobre terras e vivendas.

Ao longo dos séculos foron varios os propietarios da illa de Ons e Onza, normalmente vinculados a familias nobiliarias, que arrendaban as terras aos habitantes (“colonos”) deste singular enclave. Xa no século XX, a ditadura franquista incautaba a illa de Ons á familia Riobó, iniciándose logo un proceso de peregrinaxe da súa titularidade por diversas administracións (Ministerio de Defensa, Ministerio de Agricultura, transferencia á Xunta, Consellaría de Agricultura e finalmente Consellaría de Medio Ambiente), até a súa situación actual, definida pola Lei de réxime xurídico das concesións na illa de Ons, aprobada no ano 2001.

Esta Lei define as illas de Ons e Onza como “bens de dominio público de titularidade da Comunidade Autónoma de Galiza” incluídos no Plano de Ordenación dos recursos naturais das illas atlánticas e afectos á finalidade de protección dos seus valores naturais e paisaxísticos ao uso público.



OFICINA PARLAMENTAR  
Parlamento de Galiza  
Rúa do Hórreo, s/n. Tel. 0034 981 551 545  
Fax. 0034 981 551 420. Fax prensa: 0034 981 551 421  
gp-bng@parlamentodegalicia.es  
15702 Santiago de Compostela  
Galiza

Nunca foi prioridade para o goberno do Partido Popular a satisfacción das necesidades básicas dos seus habitantes, ou a dotación dos máis elementais servizos de auga, luz e saneamento. Moi pola contra, este desinterese e abandono levaron a algúns veciños e veciñas a abordar solucións de carácter individual.

A xuízo do BNG é perfectamente posíbel, mesmo necesario, pór en marcha accións que melloren as condicións de vida dos habitantes da illa de Ons, acometendo actuacións de dotación de servizos básicos, respectando o equilibrio medioambiental. É máis: sen dúbida, saneamento e depuración son obxectivos para a mellora das condicións que debe presentar un espazo natural público destas características.

Estas son as razóns que levan ao BNG a formular as seguintes Preguntas para a súa resposta oral en Comisión:


1.<sup>a</sup>) Que avaliación realiza o Goberno de Galiza sobre a actual situación da illa de Ons?

2.<sup>a</sup>) Tense previsto un plano de dotación de servizos básicos á illa de Ons que inclúa abastecemento de auga potábel, rede de saneamento e depuración, electrificación e mellora do atraque, entre outros?

3.<sup>a</sup>) Cales son as previsións de futuro de Ons en relación cos dereitos históricos dos seus habitantes?

Santiago de Compostela, 29 de marzo de 2007.

Asdo.: Bieito Lobeira Domínguez



OFICINA PARLAMENTAR  
**Parlamento de Galiza**  
Rúa do Hórreo, s/n. Tel. 0034 981 551 545  
Fax. 0034 981 551 420. Fax prensa: 0034 981 551 421  
gp-bng@parlamentodegalicia.es  
15702 Santiago de Compostela  
Galiza



**PARLAMENTO DE GALICIA**  
**REXISTRO XERAL ENTRADA**  
**Data asento: 30/03/2007 11:13**  
**Nº Rexistro: 18960**  
Data envío: 30/03/2007 11:13:36

Deputado do G.P. do BNG.

**Asinado dixitalmente por:**

**Bieito Lobeira Domínguez na data 30/03/2007 11:12:30**

## Á Mesa do Parlamento

PILAR ROJO NOGUERA, MANUEL RUIZ RIVAS e ALEJANDRO GOMEZ ALONSO, deputada e deputados pertencentes ao Grupo Parlamentario Popular de Galicia, ao abeiro do disposto no artigo 152 e concordantes do Regulamento da Cámara presentan ante esa Mesa a seguinte **Pregunta para a súa resposta Oral en Comisión.**

No concello de RIANXO estanse a suceder nos últimos tempos unha serie de irregularidades urbanísticas moi graves, sen que a Xunta de Galicia nada dixera ata o momento, a pesares de denuncias reiteradas, non so dos distintos partido políticos, incluído o BNG socio deste bigoberno, senón de veciños afectados, que entre outras cuestións consideran nulo de pleno dereito, o convenio e o estudo de detalle mais importante que se está a desenvolver neste momento en Rianxo, e un dos denunciante, ante o silencio e a falta de resposta do concello á súa denuncia, ven de remitir o expediente ó TSXG.

Rianxo dispón de Normas Subsidiarias Municipais aprobadas pola Comisión Provincial de Urbanismo no ano 1985. O Concello encargou a redacción dun Plan Xeral de Ordenación no ano 2004, coa axuda económica da Consellería de Política Territorial.

A consultora entregou o Plan Xeral en agosto de 2005; desde entón o documento “durme” no despacho do Sr. Alcalde, quen nin sequera enviouno a informe previo da Consellería de Política Territorial.

Sen embargo, “utilizan” e desenvolven as obsoletas Normas Subsidiarias Municipais, mediante “Estudos de Detalle”; Estudos de Detalle que son aprobados, como regra xeral, polo procedemento de urxencia, mediante un Pleno Extraordinario convocado ó efecto, e que conculcan de maneira clara e evidente o art. 73 da lei 9/2002, disfrazando Modificacións Puntuais do Planeamento Xeral.

Estudos, todos eles, mesmo sen visar polo Colexio de Arquitectos, posibilitándolle o concello con estas tramitacións e aprobacións, a construción de mais de 300 vivendas supostamente ilegais, e mesmo a construción de vivenda colectiva no medio rural.

Diante desta situación, tras 20 meses de retención do expediente do Plan Xeral no concello, coas repercusións que de elo poidan derivarse, e cos anuncios grandilocuentes do bipartito para rematar coa especulación urbanística,- e esperamos que sobre todo coa deste concello-, é polo que a deputada e deputados asinantes formulan as seguintes cuestións:

- 1.- ¿Ten previsto a Consellería de Política Territorial, Obras Públicas e Transportes, adoptar algunha medida ó respecto das graves irregularidades urbanísticas que se están a dar no concello de Rianxo?
- 2.- ¿O concello de Rianxo remitiu xa á Consellería o documento do PXOM?
- 3.- ¿Vanse revisar os Estudos de Detalle que está a desenvolver o concello neste momento?

Santiago de Compostela, 22 de marzo de 2007

**Asinado dixitalmente por:**

**Pilar Rojo Noguera na data 30/03/2007 13:17:25**

**Manuel Santos Ruíz Rivas na data 30/03/2007 13:17:35**

**Alejandro Gómez Alonso na data 30/03/2007 13:17:47**



## Á Mesa do Parlamento

ROBERTO CASTRO GARCÍA, AMPARO GONZÁLEZ MÉNDEZ, ANTONIO RODRÍGUEZ MIRANDA, JOSÉ MANUEL BALTAR BLANCO e CARMEN J. SALGADO NÚÑEZ, Deputadas e Deputados pertencentes ao Grupo Parlamentario Popular de Galicia, ao abeiro do disposto no Artigo 152 e concordantes do Regulamento da Cámara, presentan a seguinte **pregunta oral dirixida ao Excmo. Sr. Conselleiro de Medio Rural, solicitando resposta na Comisión 7ª –Agricultura, Alimentación, Gandería e Montes.**

A vaga de lumes forestais que asolou Galicia en 2.006, especialmente no mes de agosto, ardendo en 10 días 82.000 hectáreas, levou á Garda Civil a buscar unha fórmula útil para a persecución dos incendiarios, colaborando na prevención dos lumes, de xeito máis intenso que como o viña facendo noutros anos.

Parece ser que xa dende o mes de marzo, a Benemérita ten despregado un importante dispositivo na Comunidade Autónoma de Galicia, que se verá incrementado nos meses críticos do verán.

O devandito despregue de efectivos humanos terá tamén apoio aéreo, con helicópteros.

Polo tanto, as Deputadas e Deputados solicitan resposta ás seguintes cuestións:

1.- *¿De quen partiu a idea de solicitar apoio da Garda Civil, no que respecta aos lumes forestais?. ¿Da Xunta de Galicia?. ¿Houbo ofrecemento dende o goberno do Estado?.*

2.- *¿Cántos efectivos humanos están a traballar xa en Galicia, pertencentes á Benemérita?.*

3.- *¿Hai unha dedicación plena á investigación sobre os lumes forestais destes efectivos?.*

4.- *¿Están integrados no mando único que di ter xa en marcha a Consellería de Medio Rural?. ¿Cómo están distribuídos por provincias?.*

5.- *¿Con qué medios aéreos e terrestres contan esas forzas da Garda Civil?. ¿Comparten instalacións (bases, hangares, etc.) da Consellería de Medio Rural?.*

Santiago de Compostela, 2 de Abril de 2.007

**Asinado dixitalmente por:**

**Roberto Castro García na data 02/04/2007 14:40:55**

**María Amparo González Méndez na data 02/04/2007 14:41:00**

**Antonio Rodríguez Miranda na data 02/04/2007 14:41:10**

**José Manuel Baltar Blanco na data 02/04/2007 14:41:17**

**Carmen Janet Salgado Núñez na data 02/04/2007 14:41:28**



Grupo Parlamentario

## Á Mesa do Parlamento

Partido dos  
Socialistas  
de Galicia

**M<sup>a</sup> Carmen Cajide Hervés, Modesto Pose Mesura, Luis Tojo Ramallo e M<sup>a</sup> Carmen Acuña Docampo**, deputadas e deputados pertencentes ao **Grupo Parlamentario dos Socialistas de Galicia**, ao abeiro do disposto no artigo 152 do Regulamento da Cámara, presentan ante a Mesa a seguinte **pregunta oral en Comisión**.

Vai xa para 15 anos que o Concello de Cuntis, nunha gran aposta polo desenvolvemento do seu municipio, comeza co Polígono Industrial de A Ran.

Este proxecto tivo unha gran acollida social no municipio de Cuntis e un gran éxito nos primeiros anos. Como mostra, a rapidez coa que se instalaram as primeiras empresas.

Cando en case todos os concellos rurais, sobre todo nos gobernados polo PP, se estaban investindo grandes cantidades de diñeiro en facer mausoleos, que servían para pouco máis que transmitir ostentividade; o Concello de Cuntis nese momento, nunha gran aposta estratéxica polo desenvolvemento económico do seu municipio comeza en solitario, sen o apoio da Xunta do Sr. Fraga para nada, co proxecto do Polígono Industrial de A Ran.

Do mesmo xeito que afirmamos que foi unha gran aposta, tamén temos que asumir a realidade que rodeou ese proxecto. O mesmo Goberno que fixo esa gran aposta, errou nos procedementos administrativos, de tal xeito, que anos máis tarde deixara de ser zona industrial.

Isto supuxo un claro revés na economía xeral do municipio de Cuntis, e puxo nunha situación francamente difícil ás empresas que se atopan alí instaladas, e nin que dicir ten que se freou toda posibilidade de instalar outras.

Pero non todo foi tempo perdido, queremos salientar o enorme potencial que se foi xerando grazas a esa aposta estratéxica dun polígono industrial nun pobo pequeno como Cuntis.



Grupo Parlamentario

Partido dos  
Socialistas  
de Galicia

Dado o alto grado de interese que ten este proxecto para o Municipio de Cuntis en xeral, e para as empresas que se atopan instaladas en A Ran-Cuntis en particular, o Grupo de Goberno Municipal, desbordado ante esta situación, pide axuda á Consellería de Vivenda e Solo, e o 7 de decembro 2005 podíamos ver a través da prensa como a Alcaldesa e o Concelleiro de Obras comezaban coas xestións para o desbloqueo de dito Polígono Industrial.

Non queremos perder o tempo mirando cara atrás, con esta reflexión queremos deixar claro que tanto o actual Grupo de Goberno do Concello de Cuntis, como as persoas que asinamos esta iniciativa, recoñecemos todas as dificultades, e recoñecemos o reto que asumiu a Consellería de Vivenda e Solo cando se comprometeu con este proxecto a principios do 2006.

Despois de máis dun ano, e antes as dúbidas manifestadas pola Asociación de Empresarios de A Ran, e dado o altísimo grado de interese que ten este proxecto para o municipio de Cuntis, as deputadas e os deputados que asinan esta iniciativa formulan as seguintes preguntas, para a súa resposta oral en Comisión:

1. Cales son os avances concretos das xestións realizadas pola Consellería de Vivenda e Solo?
2. En que data prevé finalizado o plan de sectorización de A Ran?
3. Cal é a previsión da Consellería de Vivenda e Solo con respecto á dotación de chan industrial en A Ran-Cuntis?
4. Que data prevé a Consellería de Vivenda e Solo para a legalización das empresas que se atopan instaladas na actualidade en A Ran?

Pazo do Parlamento, 2 de abril de 2007

Asdo.: Carmen Cajide Hervés  
Modesto Pose Mesura  
Luis Tojo Ramallo  
M<sup>a</sup> Carmen Acuña do Campo



Grupo Parlamentario

Deputados e deputadas do G.P. dos Socialistas de Galicia

**Asinado dixitalmente por:**

María del Carmen Cajide Hervés na data 02/04/2007 16:13:44

Partido dos  
Socialistas  
de Galicia

Modesto Pose Mesura na data 02/04/2007 16:14:00

Luis María Tojo Ramallo na data 02/04/2007 16:14:09

María del Carmen Acuña do Campo na data 02/04/2007 16:14:12

## Á MESA DO PARLAMENTO

José Manuel Balseiro Orol, Beatriz Mato Otero, Enrique C. López Veiga, José Fervenza Costas, Marta Rodríguez Arias e José Manuel Castelao Bragaña, deputados pertencentes ao Grupo Parlamentario Popular de Galicia, ao abeiro do disposto no artigo 152 e concordantes do Regulamento da Cámara, presentan a seguinte Pregunta Oral en Comisión.

Coa publicación do Decreto 101/2006, do 8 de xuño, de modificación do Decreto 419/1993, polo que se refunde a normativa vixente sobre descarga, primeira venda e comercialización dos recursos mariños vivos, permítese facer unhas modificacións no sistema de venda nas lonxas.

Esta normativa, vendida por certo, daquela, a “bombo e platillo” polo actual Goberno de Galicia, abre a porta, entre outras modificacións, a unha liberalización do sistema de venda, eliminando a obriga de vender en lonxa polo sistema da poxa á baixa, así como reforzando a venda directa, iso si, facéndoa a través das lonxas ou centros de venda autorizados.

Como toda modificación que se prece, segundo entende o Grupo Popular, debera facerse co ánimo de mellorar a actual situación e nunca, con intención de prexudicar a ninguén.

Sen entrar na redacción do decreto, este Grupo Parlamentario detecta varias e importantes omisións, primeiro, a normativa non recolle a obriga de poxar e, segundo, e moito menos, que a poxa sexa á baixa. Pola contra, o que si que se comproba é que estas modificacións afectan directamente aos produtores, aos vendedores, aos comerciantes retallistas, aos industriais e, en definitiva, ao todo o denominado “sector afectado”.

Tal e como di o preámbulo deste Decreto, a presente normativa foi consultada co “sector”. Ao Grupo Popular, interésalle de xeito especial coñecer a qué chama a Consellería “sector afectado”, porque dende logo, organizacións tan destacadas como é a Asociación de detallistas dun porto tan importante como o da Coruña e que engloba a moitos comerciantes non foi consultada, a

Federación Galega de Confrarías non foi consultada, o Consello Galego de Pesca non se posicionou ao respecto... etc.

Así que a consulta que di o preámbulo que se fixo o sector... si é que se fixo, debeu de ser tan reducida que podería dicirse que resultou anecdótica.

En todo caso, desde o Grupo Parlamentario Popular entendemos que é probable que o sistema de venda que funcionou ata o de agora non fose o mais idóneo para as novas circunstancias dos mercados, pero funcionaba dende fai moito tempo, polo que cambiar unha normativa deste calado, dirixida a un sector coas peculiaridades que ten a produción e a comercialización pesqueira, habería que facelo sopesando e valorando, moi polo miúdo, as consecuencias que estas modificacións poderían ter en todo o *entramado* da comercialización, e non só mirando o curto prazo senón tamén, tendo en conta as consecuencias a medio e longo prazo.

Polo exposto, e considerando as situacións que poden darse coa aplicación deste Decreto, o deputado asinante, formulan a seguinte Pregunta Oral en Comisión:

Cantas entidades das que xestionan as lonxas se acolleron ao sistema de poxa á alza? ¿Para que especies?

Cal foi o beneficio económico deste cambio de modalidade na poxa?

Cantas entidades se acolleron á modalidade de venda directa? ¿Para que especies?

Cómo diferenciaran os Servizos de Gardacostas ás persoas que teñen autorización de compra daqueles que non a teñen, en cada un dos portos galegos?

Deixará a Xunta a responsabilidade do control en mans dos xestores da lonxa? E, nese senso, ¿os xestores das lonxas van a ter que facer agora as funcións propias da Xunta de Galicia e, máis en concreto, as de control e vixilancia dos recursos?

Resulta obrigado pola normativa vixente que o traslado de todos os recursos mariños se faga nun vehículo isotermo? De ser así ¿todos os comerciantes retallistas destes recursos terán que comprar un vehículo destas características para poder facer o seu traballo?

Como pensa controlar a Xunta que cada particular, por exemplo un restaurante, leve os produtos dende a lonxa ata o seu restaurante nun vehículo isotermo?

É responsabilidade da lonxa controlar isto tamén?

Segundo o Decreto, pode confirmar a Xunta de Galicia se o produto ten que pasar por lonxa aínda que sexa vendido directamente?

Conforme a lexislación vixente é a lonxa o ente responsable do control das tallas?

As distintas lonxas de Galicia veríase na obriga de contratar vixiantes que cubran todo espazo do porto e, en consecuencia, esixir a todo barco que chegue ao porto a que leve a mercadoría á lonxa para o seu control?

Se o Seprona ou os Gardacostas detectan na rúa unha mercancía que non cumpre nin a talla nin o cupo ¿a quen sancionarán? ¿Á lonxa por non efectuar a correspondente vixilancia e control?

Non cree a Xunta de Galicia que esta nova normativa vulnera, entre outras, as normas hixiénicos sanitarias e de prevención de riscos laborais nas lonxas? ¿Especifica a nova normativa a obriga a todos os particulares que acudan á lonxa de facelo coa indumentaria axeitada segundo as previsión hixiénico-sanitarias?, ¿precisará esta xente dun carne de manipulador de alimentos?

Pensa a Xunta de Galicia que a nova normativa pode facilitar o mercado negro, tendo en conta que esta xente á que se lle autoriza a compra, pode non estar dada de alta en Facenda, no seu correspondente epígrafe do IAE, co obxecto de evitar ter que declarar a súa actividade e, desta forma, estase a



incentivar desde o Goberno galego este tipo de actuacións ilegais?

Tendo en conta que a actual normativa promove a compra ilegal ¿Cómo se controlara que o produto cumpre todos os controis hixiénico-sanitarios?

No momento no que se suscitou a reforma da lexislación ¿Qué informes ou estudos de viabilidade económica foron realizados polo Goberno co fin de avalar que a reforma favorecería a todos os sectores implicados na cadea de comercialización a curto, medio e longo prazo?

De facerse algún estudo ou informe ¿Qué entidade o fixo e en que data?

Atendendo ao que di o preámbulo do Decreto ¿Qué sectores foron consultados previamente?, ¿cantas persoas foron consultadas e de que portos?

Cómo se pensa o Goberno controlar a venda directa, a través da lonxa?

Parlamento de Galicia, 3 de abril de 2007

**Asinado dixitalmente por:**

**José Manuel Balseiro Orol na data 03/04/2007 13:49:04**

**Beatriz Mato Otero na data 03/04/2007 13:49:18**

**Enrique César López Veiga na data 03/04/2007 13:49:29**

**José Fervenza Costas na data 03/04/2007 13:49:43**

**Marta Rodríguez Arias na data 03/04/2007 13:49:58**

**Jose Manuel Castelao Bragaña na data 03/04/2007 13:50:08**



Grupo Parlamentario

## Á Mesa do Parlamento

Partido dos  
Socialistas  
de Galicia

**Luis Toxo Ramallo, M<sup>a</sup> Concepción Burgo López, José Manuel Lage Tuñas e Guillermo Meijón Couselo**, deputados e deputada pertencentes ao **Grupo Parlamentario dos Socialistas de Galicia**, ao abeiro do disposto no artigo 152 do Regulamento da Cámara, presentan ante esa Mesa a seguinte **pregunta** para a súa resposta **oral** en **Comisión** de CRTVG.

Recentemente soubemos polos medios de comunicación que a TVG ven de recuperar a emisión de partidos de fútbol en aberto da primeira división, para as dúas vindeiras temporadas.

Despois das críticas, ben agreeas por certo, que vostede recibiu cando a TVG, xunto coas demais televisións de FORTA, perdeu os dereitos para emitir nesta temporada.

Por todo o exposto anteriormente, os deputados e deputadas que asinan formulan a seguinte pregunta:

Cal foi o detalle do proceso que permitiu á TVG a recuperación de tan importante produto televisivo, na medida en que implica que os galegos poderán volver a ver e escoitar, en galego, os partidos en aberto da Liga?

Pazo do Parlamento, 30 de marzo de 2007

Asdo.: Luis Toxo Ramallo  
M<sup>a</sup> Concepción Burgo López  
José Manuel Lage Tuñas  
Guillermo Meijón Couselo  
Deputados e deputada do G.P. dos Socialistas de Galicia

**Asinado dixitalmente por:**



---

■ Grupo Parlamentario

**Luis María Tojo Ramallo na data 30/03/2007 10:05:37**

**María Concepción Burgo López na data 30/03/2007 10:05:50**

Partido dos  
Socialistas  
de Galicia

**María Soledad Soneira Tajés na data 30/03/2007 10:06:06**

**José Manuel Lage Tuñas na data 30/03/2007 10:06:18**

**Guillermo Antonio Meijón Couselo na data 30/03/2007 10:06:33**



Grupo Parlamentario

## Á Mesa do Parlamento

Partido dos  
Socialistas  
de Galicia

**Luis Toxo Ramallo, M<sup>a</sup> Concepción Burgo López, M<sup>a</sup> Soledad Soneira Tajés, José Manuel Lage Tuñas e Guillermo Meijón Couselo**, deputados e deputada pertencentes ao **Grupo Parlamentario dos Socialistas de Galicia**, ao abeiro do disposto no artigo 152 do Regulamento da Cámara, presentan ante esa Mesa a seguinte **pregunta** para a súa resposta **oral** en **Comisión** de Control da Compañía de RTVG.

A TVG ten como un dos seus mandatos esenciais ser instrumento de normalización lingüística.

A publicidade xoga neste un importante papel.

Por todo o exposto anteriormente, os deputados e deputadas que asinan formulan as seguintes preguntas:

- 1.- Cal é a evolución que está a seguir a publicidade en galego na TVG?
- 2.- Cales son as accións que a TVG ten postas en marcha, no seu caso, para incrementar a presenza do galego na publicidade?

Pazo do Parlamento, 30 de marzo de 2007

Asdo.: Luis Toxo Ramallo  
M<sup>a</sup> Concepción Burgo López  
M<sup>a</sup> Soledad Soneira Tajés  
José Manuel Lage Tuñas  
Guillermo Meijón Couselo  
Deputados e deputada do G.P. dos Socialistas de Galicia

**Asinado dixitalmente por:**



Grupo Parlamentario

**Luis María Tojo Ramallo na data 30/03/2007 10:06:58**

**María Concepción Burgo López na data 30/03/2007 10:07:08**

Partido dos  
Socialistas  
de Galicia

**María Soledad Soneira Tajés na data 30/03/2007 10:07:21**

**José Manuel Lage Tuñas na data 30/03/2007 10:07:31**

**Guillermo Antonio Meijón Couselo na data 30/03/2007 10:07:45**

## Á Mesa do Parlamento

PILAR ROJO NOGUERA, deputada do Grupo Parlamentario Popular de Galicia, ao abeiro do disposto no artigo 152 e concordantes do Regulamento da Cámara, presenta ante esa Mesa a seguinte **Pregunta para a súa resposta por escrito**:

Fai unhas datas, ó Alcalde de POIO, en Pontevedra, anunciou nunha rolda de prensa a intención de construír unha piscina no concello.

Como na presentación do proxecto non quedou claro o xeito de financiamento da mesma, e si a Xunta de Galicia ten previsto colaborar na súa construción, é polo que a deputada asinante pregunta á Xunta de Galicia:

- 1.- ¿Ten coñecemento a Consellería de Cultura e Deporte das intencións do concello de Poio de construír unha piscina municipal?
- 2.- ¿Ten previsto a Consellería de Cultura e Deporte a firma dalgún convenio de colaboración co concello de Poio para a construción desta piscina? ¿Con qué importe?
- 3.- En caso afirmativo, ¿qué datas se barallan dende a Consellería para facer efectivos estes compromisos? ¿De qué dependen?
- 4.- En caso negativo, ¿cáles son as razóns da no cooperación?

Santiago de Compostela, 28 de febreiro de 2007

**Asinado dixitalmente por:**



**Pilar Rojo Noguera na data 30/03/2007 13:18:22**



OFICINA PARLAMENTAR  
**Parlamento de Galiza**  
Rúa do Hórreo, s/n. Tel. 0034 981 551 545  
Fax. 0034 981 551 420. Fax prensa: 0034 981 551 421  
gp-bng@parlamentodegalicia.es  
15702 Santiago de Compostela  
Galiza

## Á Mesa do Parlamento

**Iago Tabarés Pérez-Piñeiro**, deputado do **Grupo Parlamentar do Bloque Nacionalista Galego**, ao abeiro do Regulamento da Cámara, presenta a seguinte **Pregunta para a súa resposta escrita**, sobre o apoio da Xunta de Galiza ás vítimas da dictadura militar en Arxentina e ás accións xudiciais que se iniciaron contra os responsabeis da desaparición de persoas de orixe galega.

O pasado 5 de Abril de 2006 o Parlamento de Galiza aprobou por unanimidade unha proposición non de lei do Bloque Nacionalista Galego na que se instaba á Xunta de Galiza a que *“estableza os mecanismos necesarios para prestar axuda xurídica, económica e de calquera outra índole aos galegos e galegas vítimas de delitos derivados da dictadura militar arxentina”*.

Actualmente e en virtude dunha querela apresentada pola Federación de Asociacións Galegas da República Arxentina se está a instruír no Xulgado Federal núm. 3 da cidade de Bos Aires un procedemento penal contra o Primer Cuerpo del Ejército e contra a E.S.M.A.

O procedemento, que inicialmente se incoou por 13 dos case un centenar de casos de galegos desaparecidos que se teñen constatado, foi recentemente ampliado coa adhesión á querela de 10 familias máis que reclaman a acción da xustiza fronte ás desaparicións do seus parentes. Deste





OFICINA PARLAMENTAR  
**Parlamento de Galiza**  
Rúa do Hórreo, s/n. Tel. 0034 981 551 545  
Fax. 0034 981 551 420. Fax prensa: 0034 981 551 421  
gp-bng@parlamentodegalicia.es  
15702 Santiago de Compostela  
Galiza

xeito se pretende provocar a acción da xustiza arxentina no esclarecemento da desaparición de D. Carlos Gustavo Cortiñas, D. Víctor Vázquez, dona Alicia Raquel D'ambra, Carlos Alberto D'ambra, Laura Susana Gedola Camarero, D. José Manuel Monteagudo Ferreiro, D. Salvador Barbeito Doval, D. Ruben Castro Fernández, D. Ricardo Isidro Gómez Feáns e D. Luis Justo Cervera Novo, todas elas persoas de orixe galega.

Tras anos de silencio e mesmo de negativas, o Parlamento de Galiza manifestou a súa decidida vontade de contribuír ao esclarecemento dos crimes de que foron obxecto centenaes de galegos e de galegas que compartiron a sorte dos demócratas da terra que lles acolleu. Xa que logo, o Goberno Galego non pode ficar á marxe das accións xudiciais emprendidas polos nosos compatriotas, debendo comprometerse a prestar a axuda xurídica ou mesmo económica ou técnica que lles cumpra para o esclarecemento dos feitos e a esixencia de responsabilidade aos culpabeis. A defensa da acción emprendida pola Federación de Asociacións Galegas da República Arxentina é a defensa non só dos dereitos dos nosos compatriotas, senón tamén da Xustiza –no seu máis amplo senso- e da democracia, valores que sen ambaxes defende o actual Goberno de Galiza.

Por todo o exposto, dende o Grupo Parlamentar do B.N.G. vimos a formular as seguintes cuestións:

1ª) Ten coñecemento a Secretaria Xeral de Emigración das incidencias e do estado do procedemento xudicial que se está a seguir no Xulgado Federal núm.3 de Bos Aires como consecuencia da desaparición de 23 persoas de orixe galega?



OFICINA PARLAMENTAR  
**Parlamento de Galiza**  
Rúa do Hórreo, s/n. Tel. 0034 981 551 545  
Fax. 0034 981 551 420. Fax prensa: 0034 981 551 421  
gp-bng@parlamentodegalicia.es  
15702 Santiago de Compostela  
Galiza

2ª) Que medidas de apoio ten realizado, ofrecido ou pensa pór en marca o Goberno Galego para contribuír ao éxito da acción emprendida pola Federación de Asociacións Galegas da República Arxentina e as familias de galegos desaparecidos durante a dictadura militar arxentina?

3ª) Ten avaliado a Xunta de Galiza a posibilidade de personarse no procedemento actualmente en curso?

Santiago de Compostela, 2 de Abril de 2007

Asdo. Iago Tabarés Pérez-Piñeiro  
Deputado do G.P. do BNG

**Asinado dixitalmente por:**

**Iago Tabares Pérez-Piñeiro na data 02/04/2007 12:41:56**

## Á Mesa do Parlamento

**M<sup>a</sup> Amparo González Méndez, Carmen Janet Salgado Núñez, M<sup>a</sup> Luisa Valladares e Miguel Santalices Vieira**, Deputadas e Deputados pertencentes ao Grupo Parlamentario Popular de Galicia, ao abeiro do disposto no Artigo 152 e concordantes do Regulamento da Cámara, presentan a seguinte pregunta escrita dirixida á **Excma. Sra. Conselleira de Sanidade**.

A obesidade infantil afecta en Galicia a 1 de cada 4 nenos e nenas converténdose desta maneira o noso país na segunda CCAA cunha maior taxa de obesidade entre a poboación menor de 18 anos.

O Ministerio de Sanidade está a por en marcha un programa piloto destinado a erradicar os casos de obesidade infantil. En Galicia actuarán en 8 colexios de primaria.

O programa denomínase “Perseo” e ten como obxectivos promover a adquisición de hábitos saudables entre o alumnado, estimular a actividade física e detectar precozmente casos de obesidade e sobrepeso.

Este goberno leva na Xunta case 20 meses e a día de hoxe non sabemos con claridade e rigurosidade as medidas postas en marcha pola Consellería de Sanidade para paliar e previr este grave problema nos nosos nenos e nenas que repercutirá indudablemente na súa calidade de vida.

É por iso, que as deputadas e deputados, fan as seguintes preguntas:

*1.- Qué medidas e programas concretos puxo en marcha a Consellería no ano 2006 en relación a obesidade infantil?*

*2.- Cáles serán as actuacións que levará a cabo no ano 2007?*

*3.- Que orzamento adicou para erradicar o problema de obesidade infantil no ano 2006? Qué orzamento destinará no ano 2007? Con cargo a qué partida orzamentaria?*

*4.- En referencia ao programa piloto posto en marcha polo Ministerio de Sanidade en qué colexios vai actuar?Cáles son as actuacións concretas? Qué criterio de selección seguiron para elixir eses colexios?*

*5.- Cal será o orzamento que o Ministerio adicará en Galicia a posta en marcha deste programa piloto?.*

Santiago de Compostela, 2 de abril de 2.007

**Asinado dixitalmente por:**

**María Amparo González Méndez na data 02/04/2007 14:09:23**

**Carmen Janet Salgado Núñez na data 02/04/2007 14:09:33**

**María Luisa Valladares Rodríguez na data 02/04/2007 14:09:47**

**Miguel Ángel Santalices Vieira na data 02/04/2007 14:09:55**

## Á Mesa do Parlamento

ROBERTO CASTRO GARCÍA, AMPARO GONZÁLEZ MÉNDEZ, ANTONIO RODRÍGUEZ MIRANDA, JOSÉ MANUEL BALTAR BLANCO e CARMEN J. SALGADO NÚÑEZ, Deputadas e Deputados pertencentes ao Grupo Parlamentario Popular de Galicia, ao abeiro do disposto no Artigo 154 e concordantes do Regulamento da Cámara, presentan a seguinte **pregunta escrita dirixida ao Excmo. Sr. Conselleiro de Medio Rural**.

Rematado o primeiro trimestre do ano 2.007, hai que pensar que o goberno de Galicia –Consellería de Medio Rural- estará a tomar tódalas medidas precisas para abordar a vindeira campaña contra os incendios forestais.

Un goberno responsable –o actual debería selo aínda que ás veces disimúla bastante ben- ten que facer previsións, tomar medidas, dispoñer tódolos medios ao seu alcance para esa loita contra o lume, adaptar as instalacións e melloralas si fose preciso, en definitiva, preparar todo o operativo.

Os traballadores do Servizo de Defensa e Extinción teñen manifestado algunhas queixas, en relación coas instalacións (puntos de encontro) e das bases. O uso das mesmas e o paso do tempo, acaba por producir deterioros que é necesario arranxar.

Polo tanto, as Deputadas e Deputados que asinan solicitan **RESPOSTA ESCRITA** ás seguintes cuestións:

1.- *¿Qué tipo de melloras –nas instalacións dependentes da Consellería de Medio Rural, dedicadas ao persoal de loita contra o lume- van a abordarse ou se abordaron, para a vindeira campaña de 2.007?.*

2.- *¿En qué situación está cada unha das instalacións nas catro provincias de Galicia?.*

3.- *¿Cal é o custe das melloras efectuadas –no seu caso- e o daquelas que está previsto levar a cabo?.*

4.- *¿Con cargo a qué partida orzamentaria se van a levar a cabo as melloras previstas?*

5.- *¿Considera a Consellería de Medio Rural que –logo dos arranxos aos que houber lugar- está o operativo disposto para abordar con garantías a campaña contra incendios?*

Santiago de Compostela, 2 de Abril de 2.007

**Asinado dixitalmente por:**


**Roberto Castro García na data 02/04/2007 14:11:06**

**María Amparo González Méndez na data 02/04/2007 14:11:11**

**Antonio Rodríguez Miranda na data 02/04/2007 14:11:20**

**José Manuel Baltar Blanco na data 02/04/2007 14:12:49**

**Carmen Janet Salgado Núñez na data 02/04/2007 14:13:04**



OFICINA PARLAMENTAR  
Parlamento de Galiza  
Rúa do Hórreo, s/n. Tel. 0034 981 551 545  
Fax. 0034 981 551 420. Fax prensa: 0034 981 551 421  
gp-bng@parlamentodegalicia.es  
15702 Santiago de Compostela  
Galiza




PARLAMENTO DE GALICIA  
REXISTRO XERAL ENTRADA  
Data asento: 03/04/2007 13:46  
Nº Rexistro: 19051  
Data envío: 03/04/2007 13:46:27

## Á Mesa do Parlamento

**Ana Pontón Mondelo e María Xosé Vega Buxán**, deputadas pertencentes ao **Grupo Parlamentar do Bloque Nacionalista Galego (BNG)**, ao abeiro do disposto no Regulamento da Cámara, presentan a seguinte **Pregunta** para a súa resposta **escrita**, relativa aos residuos que apareceron almacenados nunha nave industrial no polígono de Mourelle, no concello de Sarria.

A principios do mes de Marzo deste ano descubriuse que nunha nave industrial do polígono de Mourelle, estaban almacenadas unha grande cantidade de residuos. A denuncia foi formulada polos propietarios da nave industrial, que segundo as súas declaracións, a tiñan alugada a unha empresa con domicilio social no Bierzo. Os residuos descubriunos o propietario da nave, xa que os bloques de formigón da parte traseira do almacén cederon e caeron varios fardos de lixo sobre unha finca próxima. Segundo a información recollida en prensa os propietarios da nave non tiñan constancia de cales eran os usos que se lle estaban a dar a estes residuos.

O caso foi posto en mans do fiscal de Medio Ambiente e do Seprona, que están investigando para determinar a orixe do lixo e esclarecer as responsabilidades que se poden determinar. Este caso é un máis dos numerosos problemas que hai con vertedoiros incontrolados, que de maneira intermitente aparecen no noso territorio, mais que parece difícil acabar con eles.



OFICINA PARLAMENTAR  
Parlamento de Galiza  
Rúa do Hórreo, s/n. Tel. 0034 981 551 545  
Fax. 0034 981 551 420. Fax prensa: 0034 981 551 421  
gp-bng@parlamentodegalicia.es  
15702 Santiago de Compostela  
Galiza



PARLAMENTO DE GALICIA  
REXISTRO XERAL ENTRADA  
Data asento: 03/04/2007 13:46  
Nº Rexistro: 19051  
Data envío: 03/04/2007 13:46:27


O Grupo Parlamentar do BNG considera que é importante determinar á orixe do lixo, así como depurar reponsabilidades e impoñer as sancións que sexan necesarias, pois estamos ante un delito ambiental e que mesmo, podía ter repercutido de cara a saúde pública, en función do tipo de residuos depositados.

A Consellaría de Medio Ambiente, estableceu das primeiras análises que non se trataba de residuos perigosos, sospeitando que a súa orixe podía estar en Alemaña ou Suiza.

Polo dito formúlanse as seguintes preguntas para a súa resposta escrita:

1. Que cantidade de residuos se atopan depositados nesta nave do concello de Sarria?
2. Que análises levou adiante a Consellaría de Medio Ambiente e Desenvolvemento Sostíbel de ditos residuos? Que parámetros se analizaron? Que resultados se desprenden das mesmas? Existe algún perigo de toxicidade que poda afectar á saúde pública?
3. Que medidas se van establecer durante o seu traslado para evitar molestias aos veciños e veciñas deste concello?
4. En que punto se atopan as investigacións para determinar os responsábeis desta actuación? en caso de ter resultados, cales son as súas conclusións?





OFICINA PARLAMENTAR  
Parlamento de Galiza  
Rúa do Hórreo, s/n. Tel. 0034 981 551 545  
Fax. 0034 981 551 420. Fax prensa: 0034 981 551 421  
gp-bng@parlamentodegalicia.es  
15702 Santiago de Compostela  
Galiza



PARLAMENTO DE GALICIA  
REXISTRO XERAL ENTRADA  
Data asento: 03/04/2007 13:46  
Nº Rexistro: 19051  
Data envío: 03/04/2007 13:46:27

5. En que situación se atopa o tratamento destes residuos? Existe algunha empresa xestora de residuos que se vaia facer cargo ou serán enviados a Sogama? Que tipo de tratamento se lles vai a dar?
6. Cal é o custe do tratamento destes residuos? Quen se vai facer cargo dos mesmos?
7. Hai antecedentes sobre feitos similares no territorio galego? Cales? Conseguiuse determinar a orixe dos mesmos?
8. Pensa a Consellaría de Medio Ambiente e Desenvolvemento Sostíbel que existen redes de tráfico de residuos que teñen como destino Galiza?

Santiago de Compostela, 3 de Abril de 2007.


Asdo.: Ana Belén Pontón Mondelo  
Deputada do G.P. do BNG

Asdo.: María Xosé Vega Buxán  
Deputada do G.P. do BNG

**Asinado dixitalmente por:**

**Ana Belén Pontón Mondelo na data 03/04/2007 13:44:39**

**María Xosé Vega Buxán na data 03/04/2007 13:44:46**



OFICINA PARLAMENTAR  
Parlamento de Galiza  
Rúa do Hórreo, s/n. Tel. 0034 981 551 545  
Fax. 0034 981 551 420. Fax prensa: 0034 981 551 421  
gp-bng@parlamentodegalicia.es  
15702 Santiago de Compostela  
Galiza



PARLAMENTO DE GALICIA  
REXISTRO XERAL ENTRADA  
Data asento: 03/04/2007 13:51  
Nº Rexistro: 19054  
Data envío: 03/04/2007 13:51:48


## Á Mesa do Parlamento

**Ana Pontón Mondelo e Bieito Lobería Domínguez**, deputados pertencentes ao **Grupo Parlamentar do Bloque Nacionalista Galego (BNG)**, ao abeiro do disposto no Regulamento da Cámara, apresentan a seguinte **Pregunta** para a súa resposta **escrita**, relativa á ampliación do Porto de Cabo de Cruz e á construción dun porto deportivo.

A loita pola ampliación do porto de Cabo de Cruz comeza, para o sector pesqueiro, marisqueiro e bateiro desta localidade, xusto cando se rematan as obras de construción deste porto, cando esta era aínda unha competencia estatal. O porto conta cun dique na dirección Leste-Oeste na procura de abrigo para os ventos do Sur, pero as embarcacións fican expostas ao ventos do Norte e do Noroeste. Isto provoca que con moita frecuencia as embarcacións e as súas tripulacións, teñan verdadeiros problemas e sufran graves danos.

As actuais instalacións portuarias son a todas luces insuficientes para albergar en condicións de seguranza e operatividade a importante frota que opera dende Cabo da Cruz. Mesmo se fan difíceis as manobras de atraque e desatraque, sobretudo nos buques mexilloeiros, que se encontran abarloados por falta de espazos de atraque.

Existe tamén a reclamación, desde o ano 93, de construción dun porto deportivo. No citado ano o Clube Náutico de Boiro inicia a tramitación dos permisos



OFICINA PARLAMENTAR  
Parlamento de Galiza  
Rúa do Hórreo, s/n. Tel. 0034 981 551 545  
Fax. 0034 981 551 420. Fax prensa: 0034 981 551 421  
gp-bng@parlamentodegalicia.es  
15702 Santiago de Compostela  
Galiza




PARLAMENTO DE GALICIA  
REXISTRO XERAL ENTRADA  
Data asento: 03/04/2007 13:51  
Nº Rexistro: 19054  
Data envío: 03/04/2007 13:51:48

necesarios para a instalación duns pantaláns na mesma zona de costa onde hoxe se localiza o proxecto deportivo de Cabo da Cruz.

Estas dúas reclamacións, unen as súas singraduras en marzo de 1996 cando a Confraría de Cabo de Cruz pide a creación dun porto deportivo. A Xunta de Galiza, gobernada polo PP a aquela altura, comprométese a iniciar, “nese mesmo ano”, os trámites necesarios para levar adiante o proxecto. Neste once anos o pobo de Cabo de Cruz, leva loitando e reclamando a materialización de ambos proxectos, empezando o que poderíamos considerar unha auténtica peregrinaxe das asociacións deste lugar á Santiago de Compostela, cunha media de 2 ou 3 visitas anuais á sede de Portos de Galiza.

O Concello de Boiro asume estas reclamacións e presenta tres deseños para o porto deportivo, aparecendo por primeira vez un emprazamento distinto á manexada pola Confraría e o Club Náutico. En 1999, o Director Xeral de Portos de Galiza, visita Cabo de Cruz e só trae titulares de prensa “A Xunta apoia a construción dun porto deportivo en Cabo de Cruz”.

A loita polo porto recibe un pulo importante cando todas as asociacións e entidades de Cabo de Cruz, coordinadas pola Asociación de Veciños “A Unión”, elaboran un anteprojecto para o remate da dársena portuaria e a construción dun porto deportivo. Fanse cinco propostas distintas do que debe ser a ampliación, e finalmente, a número 5 recibe o apoio unánime de todas as asociacións, remitindo este anteprojecto ás autoridades.



OFICINA PARLAMENTAR  
Parlamento de Galiza  
Rúa do Hórreo, s/n. Tel. 0034 981 551 545  
Fax. 0034 981 551 420. Fax prensa: 0034 981 551 421  
gp-bng@parlamentodegalicia.es  
15702 Santiago de Compostela  
Galiza



PARLAMENTO DE GALICIA  
REXISTRO XERAL ENTRADA  
Data asento: 03/04/2007 13:51  
Nº Rexistro: 19054  
Data envío: 03/04/2007 13:51:48

Até aquí, un breve resumo da loita polo porto deportivo e ampliación do pesqueiro que teñen ás súas costas os veciños e veciñas de Cabo de Cruz, que sempre contaron co apoio e colaboración do Bloque Nacionalista Galego (BNG).

Para o que sigue, poden dar fe os seguintes titulares dos xornais, dando conta das entrevistas cos responsábeis de Portos de Galiza:

*“Portos recorrerá á iniciativa privada para financiar o porto deportivo de Cabo de Cruz”.*


*“Cabo de Cruz terá no 2007 un porto deportivo con 400 prazas” (Carlos Negreira, Presidente de Portos de Galiza).*

*“Feijoo inicia os pasos para que o Castro teña Superporto”*

*“A Xunta executará o proxecto do anterior Goberno; a explotación e financiación será a cargo da empresa privada.” Outubro 2005.*

*“O porto deportivo Crucense sairá a licitación este ano con 400 amarres” Maio 2006.*

*“O porto deportivo de Cabo de Cruz logra a visto bo de costas. A Xunta mantén o propósito de sacar a concurso o proxecto antes de que remate o ano” Agosto de 2006.*



OFICINA PARLAMENTAR  
Parlamento de Galiza  
Rúa do Hórreo, s/n. Tel. 0034 981 551 545  
Fax. 0034 981 551 420. Fax prensa: 0034 981 551 421  
gp-bng@parlamentodegalicia.es  
15702 Santiago de Compostela  
Galiza



PARLAMENTO DE GALICIA  
REXISTRO XERAL ENTRADA  
Data asento: 03/04/2007 13:51  
Nº Rexistro: 19054  
Data envío: 03/04/2007 13:51:48

Nunha Declaración Institucional aprobada no pleno do Concello de Boiro celebrado o pasado 8 de Marzo de 2007, sinálase que nas últimas xuntanzas que se teñen mantido cos responsábeis do ente público de Portos de Galiza, **informouse ao alcalde de Boiro?**, que o expediente está pendente de que a Dirección General de Costas (Ministerio de Medio Ambiente) transfira ao Ente Público Portos de Galiza a titularidade do tramo de costa afectado polo novo porto, e que a Consellaría de Pesca e Asuntos Marítimos decida a reubicación das bateas afectadas por este proxecto.


Desde o BNG consideramos que é necesario axilizar os trámites pendentes a fin de que a ampliación do porto de Cabo de Cruz e a construción do novo porto, se fagan no menor tempo posíbel, pois á vista está que os gobernos anteriores do PP non tiveron a vontade ou capacidade para facelo, e que é necesario que desde a Xunta de Galiza non se demoren máis estas actuacións.

Polo dito formúlanse as seguintes preguntas para a súa resposta escrita:

Que actuacións se teñen desenvolvido para reclamar á Demarcación General de Costas do Estado que transfira o tramo de costa preciso para a ampliación do porto de Cabo de Cruz?

Cal é o orzamento previsto para executar as obras de ampliación do porto desta localidade? Que previsión se recolle nos orzamentos de 2007? Cales son as consignacións orzamentarias que se prevén en próximos exercicios?

Cando se prevé que estean rematadas as obras de ampliación do Porto?



OFICINA PARLAMENTAR  
Parlamento de Galiza  
Rúa do Hórreo, s/n. Tel. 0034 981 551 545  
Fax. 0034 981 551 420. Fax prensa: 0034 981 551 421  
gp-bng@parlamentodegalicia.es  
15702 Santiago de Compostela  
Galiza



PARLAMENTO DE GALICIA  
REXISTRO XERAL ENTRADA  
Data asento: 03/04/2007 13:51  
Nº Rexistro: 19054  
Data envío: 03/04/2007 13:51:48

Ten previsto Portos de Galiza recorrer a financiamento privado para executar as obras do porto deportivo de Cabo de Cruz? En caso negativo, prevense aportacións de fondos europeos?

Conta o proxecto con todas as obras necesarias para a posta en marcha do porto deportivo, é dicir, explanadas, accesos ao porto e vías de comunicación entre os diques do Sur e o futuro dique do Norte onde se emprazará o Porto deportivo?

Santiago de Compostela, 3 de Abril de 2007.

Asdo.: Ana Belén Pontón Mondelo  
Deputada do G.P. do BNG

Asdo.: Bieito Lobeira Domínguez  
Deputado do G.P. do BNG.

**Asinado dixitalmente por:**

Ante este novo escenario que se presenta, e mentres non se clarifícase de xeito definitivo a situación legal da entidade (a día de hoxe titularidade do Goberno uruguaio), a Secretaría Xeral de Emigración non considerou oportuno incluír como actividade subvencionable as actividades de información e asesoramento realizadas directamente por Casa Galicia, o que no seu momento oportuno lles foi comunicado aos interventores do goberno uruguaio co obxecto de que puidesen adoptar as medidas que considerasen necesarias a efectos de organización interna daquela entidade.

Finalmente, a Secretaría Xeral de Emigración considera unha premisa irrenunciable para continuar colaborando coa Casa de Galicia de Montevideo que o goberno uruguaio adopte a decisión de restituír na dirección e xestión da entidade aos seus lexítimos propietarios, neste caso á directiva que foi elixida polos socios e que na súa gran maioría pertencen á colectividade galega en Montevideo.

En canto a previsións, en primeiro lugar, a Secretaría Xeral de Emigración considera necesario facer unha clara diferenciación do labor realizada polos centros galegos no exterior, como entidades privadas sen ánimo de lucro, das funcións que debe levar a cabo a Xunta de Galicia, como administración pública que debe prestar servizos a tódolos cidadáns galegos residentes no exterior.



Así pois, con data 11 de decembro de 2006, publicouse no Diario Oficial de Galicia o Decreto polo que se regulan as delegacións e oficinas sectoriais que, nun futuro próximo, crearanse nos distintos países onde están ubicadas as comunidades galegas asentadas fóra de Galicia. Segundo o estipulado no mencionado Decreto, é necesario apoiar e coordinar as relacións con tales comunidades mediante a creación de delegacións da Administración autonómica galega no exterior.

Mentres non se implante de xeito definitivo o novo modelo de delegacións e oficinas que se recolle neste Decreto, e coa finalidade de non deixar sen servizo ao conxunto de cidadáns galegos residentes en Montevideo, a Secretaría Xeral de Emigración vén de asinar un convenio de colaboración coa Unión de Sociedades Gallegas en Montevideo, (entidade que agrupa a tódalas entidades galegas en Montevideo), para a creación e posta en marcha dunha Oficina de Información e Asesoramento na sé desta entidade. A dita oficina terá como finalidade a prestación de servizos de información, difusión, asesoramento e outras actividades complementarias da xestión de todo tipo de programas e accións, en favor do colectivo de galegos residentes en Uruguai, levadas a cabo anualmente pola Fundación Galicia Emigración e a Secretaría Xeral de Emigración da Xunta de Galicia .

Destacar que esta oficina comezou a funcionar co acordo unánime das doce institucións que compoñen a Unión de Sociedades Galegas de Montevideo. Así pois, na reunión extraordinaria de delegados que representan a estas entidades celebrada o 2 de xaneiro de 2007, acordouse por unanimidade a apertura a partir do 1 de febreiro de 2007 dunha nova Oficina de Información e Asesoramento que viñese a substituír a que viña funcionando en Casa Galicia, polo que a continuidade do servizo e a atención á colectividade estivo garantida en todo momento.

Como xa se sinalou anteriormente, dende o 1 de febreiro de 2007 está funcionando a nova oficina de Información e Asesoramento nas instalacións da



Dirección Xeral de Relacións Parlamentarias

Unión de Sociedades Gallegas de Montevideo, onde se pode presentar a documentación dirixida á Xunta de Galicia e recibir a toda a información necesaria sobre os diferentes programas de axudas convocados anualmente pola Secretaría Xeral de Emigración e por outros departamentos da Xunta de Galicia.

As dúas persoas que se atopan ao fronte da oficina foron seleccionadas pola propia Unión de Sociedades Gallegas, mediante convocatoria pública”.



O que lle remito para o seu coñecemento e inserción no Boletín Oficial do Parlamento de Galicia, de acordo co previsto no artigo 65 e concordantes do Regulamento vixente.

Santiago de Compostela, 3 de abril de 2007

O director xeral de Relacións Parlamentarias

Manuel Guillermo Varela Flores

Excma. Sra. Presidenta do Parlamento de Galicia



RS/mc

En relación coa pregunta con resposta escrita núm.: **17293** formulada polo Grupo Parlamentario Popular de Galicia, a iniciativa de dona Pilar M. Rojo Noguera, sobre **"as subvencións concedidas, os investimentos realizados e os convenios asinados no ano 2006 pola Consellería de Innovación e Industria no concello de Cuntis e as previsións ao respecto para o ano 2007."**, (publicada no BOPG nº 289, do 16 de febreiro de 2007), teño a honra de enviarlle, para así dar cumprimento ao previsto no artigo 157 do Regulamento do Parlamento de Galicia, a contestación formulada pola **Consellería de Innovación e Industria**, que ten o seguinte contido:

"Ningunha subvención foi concedida pola Consellaría de Innovación e Industria, durante o ano 2006, ao Concello de Cuntis.

A dirección xeral de Industria, Enerxía e Minas realizou os seguintes investimentos no concello:

- A través dos convenios para a mellora da calidade do subministro eléctrico polo importe de 144.818,8 euros.
- A través da orde de renovación de instalacións eléctricas en edificios 700 euros.

Non se asinaron convenios co citado concello en 2006 nin está previsto facelo en 2007.



Neste intre, por parte da dirección xeral de Industria, Enerxía e Minas, está previsto realizar os seguintes investimentos no concello de Cuntis en 2007:

- a través do convenio para a mellora dos subministros eléctricos polo importe de 41.600 euros.”

O que lle remito para o seu coñecemento e inserción no Boletín Oficial do Parlamento de Galicia, de acordo co previsto no artigo 65 e concordantes do Regulamento vixente.

Santiago de Compostela, 3 de abril de 2007

O director xeral de Relacións Parlamentarias

Manuel Guillermo Varela Flores



Excma. Sra. Presidenta do Parlamento de Galicia



**XUNTA DE GALICIA**  
 CONSELLERÍA DE PRESIDENCIA,  
 ADMINISTRACIÓNS PÚBLICAS  
 E XUSTIZA

Pazo de Raxoi  
 15705 SANTIAGO DE COMPOSTELA  
 Teléfono 981 54 49 19

Dirección Xeral de Relacións Parlamentarias



En relación coa pregunta con resposta escrita núm.: **17296**, formulada polo Grupo Parlamentario Popular de Galicia, a iniciativa de D.<sup>a</sup> Pilar Milagros Rojo Noguera, sobre **“as subvencións concedidas, os investimentos realizados e os convenios asinados no ano 2006 pola Consellería de Sanidade no concello de Cuntis e as previsións ao respecto para o ano 2007”**, (publicada no BOPG núm.: 289, do 16 de febreiro de 2007), teño a honra de enviarlle, para así dar cumprimento ao previsto no artigo 157 do Regulamento do Parlamento de Galicia, a contestación formulada pola Consellería de Sanidade, que ten o seguinte contido:

“O SERGAS non tramitou ningunha subvención durante o ano 2006 para o Concello de Cuntis. Tampouco realizou investimentos nin convenios no concello.

Á data de hoxe, non está previsto que se vaia a realizar ningún convenio no ano 2007 co Concello de Cuntis. Tampouco está previsto facer investimentos”.

O que lle remito para o seu coñecemento e inserción no Boletín Oficial do Parlamento de Galicia, de acordo co previsto no artigo 65 e concordantes do Regulamento vixente.

Santiago de Compostela, 2 de abril de 2007

O director xeral de Relacións Parlamentarias





Manuel Guillermo Varela Flores

Excma. Sra. Presidenta do Parlamento de Galicia



RS/mc



En relación coa pregunta con resposta escrita núm.: **17306**, formulada polo Grupo Parlamentario Popular de Galicia, a iniciativa de dona Pilar M. Rojo Nogueira, sobre **“as subvencións concedidas, os investimentos realizados e os convenios asinados no ano 2006 pola Consellería de Innovación e Industria no concello de Moraña e as previsións ao respecto para o ano 2007.”**, (publicada no BOPG nº 289, do 16 de febreiro de 2007), teño a honra de enviarlle, para así dar cumprimento ao previsto no artigo 157 do Regulamento do Parlamento de Galicia, a contestación formulada pola **Consellería de Innovación e Industria**, que ten o seguinte contido:

“Ningunha subvención foi concedida pola Consellaría de Innovación e Industria, durante o ano 2006, ao Concello de Moraña.

A dirección xeral de Industria, Enerxía e Minas realizou os seguintes investimentos no concello:

- A través da orde de renovación de instalacións eléctricas polo importe de 700 euros.

Non se asinou ningún convenio en 2006 co citado concello nin está previsto facelo en 2007.

Asemade tampouco está previsto facer investimentos en 2007.”





Dirección Xeral de Relacións Parlamentarias

O que lle remito para o seu coñecemento e inserción no Boletín Oficial do Parlamento de Galicia, de acordo co previsto no artigo 65 e concordantes do Regulamento vixente.

Santiago de Compostela, 3 de abril de 2007

O director xeral de Relacións Parlamentarias



Manuel G. Varela Flores



Excma. Sra. Presidenta do Parlamento de Galicia



**XUNTA DE GALICIA**  
 CONSELLERÍA DE PRESIDENCIA,  
 ADMINISTRACIÓNS PÚBLICAS  
 E XUSTIZA

Pazo de Raxoi  
 15705 SANTIAGO DE COMPOSTELA  
 Teléfono 981 54 49 19

Dirección Xeral de Relacións Parlamentarias



En relación coa pregunta con resposta escrita núm.: 17309, formulada polo Grupo Parlamentario Popular de Galicia, a iniciativa de D.<sup>a</sup> Pilar Milagros Rojo Noguera, sobre **“as subvencións concedidas, os investimentos realizados e os convenios asinados no ano 2006 pola Consellería de Sanidade no concello de Moraña e as previsións ao respecto para o ano 2007”**, (publicada no BOPG núm.: 289, do 16 de febreiro de 2007), teño a honra de enviarlle, para así dar cumprimento ao previsto no artigo 157 do Regulamento do Parlamento de Galicia, a contestación formulada pola Consellería de Sanidade, que ten o seguinte contido:

“O SERGAS non tramitou ningunha subvención durante o ano 2006 para o concello de Moraña.

En canto a investimentos:

- No ano 2006 o Servizo de Xestión tramitou o/os seguinte/s expedientes:

? Reforma e substitución taboleiros parede no centro de saúde de Moraña por un importe de 2.268,22 €\* .

(\*) Este importe correspóndese unicamente coa anualidade executada no ano 2006.

O Servizo de Xestión de Concertos e Recursos Propios non tramitou ningún convenio con ese concello no 2006. Tampouco o fixo o Servizo de Patrimonio.

Á data de hoxe, non se ten previsto que se vaia a formalizar ningún Convenio, no ano 2007, co Concello de Moraña. Tampouco está previsto facer investimentos”.



XUNTA DE GALICIA  
CONSELLERÍA DE PRESIDENCIA,  
ADMINISTRACIÓNS PÚBLICAS  
E XUSTIZA

Pazo de Raxoi  
15705 SANTIAGO DE COMPOSTELA  
Teléfono 981 54 49 19

Dirección Xeral de Relacións Parlamentarias

O que lle remito para o seu coñecemento e inserción no Boletín Oficial do Parlamento de Galicia, de acordo co previsto no artigo 65 e concordantes do Regulamento vixente.

Santiago de Compostela, 2 de abril de 2007

O director xeral de Relacións Parlamentarias

Manuel Guillermo Varela Flores

Excm. Sra. Presidenta do Parlamento de Galicia





XUNTA DE GALICIA

CONSELLERÍA DE PRESIDENCIA,  
ADMINISTRACIÓNS PÚBLICAS E XUSTIZA

Dirección Xeral de Relacións Parlamentarias

Pazo de Raxoi  
15705 SANTIAGO DE COMPOSTELA  
Teléfono 981 54 49 19



RS/mc

En relación coa pregunta con resposta escrita núm.: **17317**, formulada polo Grupo Parlamentario Popular de Galicia, a iniciativa de dona Pilar M. Rojo Noguera, sobre **"as subvencións concedidas, os investimentos realizados e os convenios asinados no ano 2006 pola Consellería de Innovación e Industria no concello de Poio e as previsións ao respecto para o ano 2007."**, (publicada no BOPG nº 289, do 16 de febreiro de 2007), teño a honra de enviarlle, para así dar cumprimento ao previsto no artigo 157 do Regulamento do Parlamento de Galicia, a contestación formulada pola **Consellería de Innovación e Industria**, que ten o seguinte contido:

"A dirección xeral de Industria, Enerxía e Minas concedeulle as seguintes subvencións ao Concello de Poio:

- A través da orde para o fomento das infraestruturas enerxéticas polo importe de 47.774,98.

O Instituto Galego de Consumo concedeulle as seguintes subvencións ao Concello de Poio:

- Ao abeiro das axudas ás corporacións locais para a realización de actividades relacionadas coas oficinas de información aos consumidores 4.120 euros.
- Para o desenvolvemento do proxecto Plan formativo "Publicidade e muller: utilización" dirixido ao colectivo de etnia xitana 3.500 euros.

A dirección xeral de Comercio realizou as seguintes subvencións:



- A través da orde de subvención vertebración do comercio urbano para ampliación e melloras peonís en Combarro 25.238,97 euros.

A dirección xeral de Turismo ten previsto os seguintes investimentos no concello:

- Acondicionamento do entorno do río dos Muíños en Samieira por 59.523,98 euros.

A dirección xeral de Industria, Enerxía e Minas ten asinado os seguintes convenios:

- Convenios para a mellora dos subministros eléctricos, polo importe de 82.977,66 euros.

Non está previsto formalizar convenios co Concello de Poio en 2007.

A dirección xeral de Industria, Enerxía e Minas ten previsto realizar os seguintes investimentos no concello de Poio en 2007:

- a través dos convenios para a mellora dos subministros eléctricos polo importe de 84.476,86 euros.

A dirección xeral de Consumo ten previsto realizar os seguintes investimentos no Concello de Poio en 2007:

- A través da orde de subvención vertebración do comercio urbano para ampliación e melloras peonís en Combarro 25.238,97 euros para un investimento total no 2007 de 36.055,67 euros.”



Dirección Xeral de Relacións Parlamentarias

O que lle remito para o seu coñecemento e inserción no Boletín Oficial do Parlamento de Galicia, de acordo co previsto no artigo 65 e concordantes do Regulamento vixente.

Santiago de Compostela, 3 de abril de 2007

O director xeral de Relacións Parlamentarias



Manuel Guillermo Varela Flores

Excma. Sra. Presidenta do Parlamento de Galicia





XUNTA DE GALICIA

CONSELLERÍA DE PRESIDENCIA,  
ADMINISTRACIÓNS PÚBLICAS  
E XUSTIZA

Dirección Xeral de Relacións Parlamentarias

Pazo de Raxoi  
15705 SANTIAGO DE COMPOSTELA  
Teléfono 981 54 49 19



En relación coa pregunta con resposta escrita núm.: 17320, formulada polo Grupo Parlamentario Popular de Galicia, a iniciativa de D.<sup>a</sup> Pilar Milagros Rojo Noguera, sobre **“as subvencións concedidas, os investimentos realizados e os convenios asinados no ano 2006 pola Consellería de Sanidade no concello de Poio e as previsións ao respecto para o ano 2007”**, (publicada no BOPG núm.: 289, do 16 de febreiro de 2007), teño a honra de enviarlle, para así dar cumprimento ao previsto no artigo 157 do Regulamento do Parlamento de Galicia, a contestación formulada pola Consellería de Sanidade, que ten o seguinte contido:

“O SERGAS non tramitou ningunha subvención durante o ano 2006 para o concello de Poio, nin realizou investimentos nin convenios co mesmo.

Á data de hoxe, non está previsto que se vaia a formalizar ningún Convenio, no ano 2007, co Concello de Poio. Tampouco está previsto facer investimentos”.

O que lle remito para o seu coñecemento e inserción no Boletín Oficial do Parlamento de Galicia, de acordo co previsto no artigo 65 e concordantes do Regulamento vixente.

Santiago de Compostela, 2 de abril de 2007

O director xeral de Relacións Parlamentarias

Manuel Guillermo Varela Flores



Excm.a Sra. Presidenta do Parlamento de Galicia



**XUNTA DE GALICIA**  
 CONSELLERÍA DE PRESIDENCIA,  
 ADMINISTRACIÓN PÚBLICAS  
 E XUSTIZA

Pazo de Raxoi  
 15705 SANTIAGO DE COMPOSTELA  
 Teléfono 981 54 49 19

Dirección Xeral de Relacións Parlamentarias



En relación coa pregunta con resposta escrita núm.: 17322, formulada polo Grupo Parlamentario Popular de Galicia, a iniciativa de D.<sup>a</sup> Pilar Milagros Rojo Noguera, sobre **“as subvencións concedidas, os investimentos realizados e os convenios asinados no ano 2006 pola Consellería de Traballo no concello de Poio e as previsións ao respecto para o ano 2007”**, (publicada no BOPG núm.: 289, do 16 de febreiro de 2007), teño a honra de enviarlle, para así dar cumprimento ao previsto no artigo 157 do Regulamento do Parlamento de Galicia, a contestación formulada pola Consellería de Traballo, que ten o seguinte contido:

“En materia de promoción do emprego, durante o ano 2006 a Consellería de Traballo subvencionou a contratación de 15 traballadores desempregados para a realización de obras ou servizos de interese xeral e social cun importe de subvención de 218.236,95.-€ e posteriormente, con cargo ao Plan integral de emprego de Galicia, a contratación doutros 11 traballadores por importe de 164.637,90.-€.

De igual xeito subvencionouse a contratación dun técnico local de emprego por importe de 19.069,90.-€.

En materia de formación concedéronse subvencións para a impartición de cursos do Plan FSE, Ocupados por importe de 9.600.-€

Con destino ao obradoiro de emprego Poio II destinouse a cantidade de 386.614,40.-€ e que ocupa e forma a un total de 40 alumnos traballadores.

Informar que a Consellería de Traballo non realizou investimento nese Concello no 2006 nin se ten asinado ningún convenio.

En canto ao ano 2007 e dado que están en xestión os programas e en execución as partidas económicas dispoñibles e, en moitos casos, aínda non se procedeu á





Dirección Xeral de Relacións Parlamentarias

adxudicación das subvencións que as diferentes ordes que esta Consellería tramita, e dándose que nalgunhas delas calquera concello de Galicia pode, axustándose ás bases, solicitar algunha das devanditas subvencións a través dun procedemento obxectivo de concorrencia libre, neste momento non se pode prever se este concello solicitará algunha ou algunhas”.

O que lle remito para o seu coñecemento e inserción no Boletín Oficial do Parlamento de Galicia, de acordo co previsto no artigo 65 e concordantes do Regulamento vixente.

Santiago de Compostela, 2 de abril de 2007

O director xeral de Relacións Parlamentarias



Manuel Guillermo Varela Flores

Excma. Sra. Presidenta do Parlamento de Galicia



XUNTA DE GALICIA

CONSELLERÍA DE PRESIDENCIA,  
ADMINISTRACIÓNS PÚBLICAS  
E XUSTIZA

Dirección Xeral de Relacións Parlamentarias

Pazo de Raxoi  
15705 SANTIAGO DE COMPOSTELA  
Teléfono 981 54 49 19

REGISTRO XERAL ENTRADA

RS/mc

Num. **19032**

CONSELLERÍA DE PRESIDENCIA,  
ADMINISTRACIÓNS PÚBLICAS E XUSTIZA  
DIRECCIÓN XERAL DE RELACIONES PARLAMENTARIAS

03 ABR. 2007

**S A I D A**

Núm. **5126**

En relación coa pregunta con resposta escrita núm.: **17329**, formulada polo Grupo Parlamentario Popular de Galicia, a iniciativa de dona Pilar M. Rojo Noguera, sobre **“as subvencións concedidas, os investimentos realizados e os convenios asinados no ano 2006 pola Consellería de Innovación e Industria no concello de Vilaboa e as previsións ao respecto para o ano 2007.”**, (publicada no BOPG nº 289, do 16 de febreiro de 2007), teño a honra de enviarlle, para así dar cumprimento ao previsto no artigo 157 do Regulamento do Parlamento de Galicia, a contestación formulada pola **Consellería de Innovación e Industria**, que ten o seguinte contido:

“A dirección xeral de Industria, Enerxía e Minas concedeulle as seguintes subvencións ao Concello de Vilaboa:

- A través da orde para o uso racional da enerxía polo importe de 29.876,20 euros.

A Dirección Xeral de Industria, Enerxía e Minas realizou os seguintes investimentos no concello:

- A través dos convenios para a mellora da calidade do subministro eléctrico polo importe de 16.907,28 euros.

Ningún convenio foi asinado en 2006 co citado concello nin está previsto facelo en 2007. Asemade tampouco está previsto facer investimentos.”




Dirección Xeral de Relacións Parlamentarias

O que lle remito para o seu coñecemento e inserción no Boletín Oficial do Parlamento de Galicia, de acordo co previsto no artigo 65 e concordantes do Regulamento vixente.

Santiago de Compostela, 3 de abril de 2007

O director xeral de Relacións Parlamentarias



Manuel Guillermo Varela Flores



Excma. Sra. Presidenta do Parlamento de Galicia



**XUNTA DE GALICIA**  
 CONSELLERÍA DE PRESIDENCIA,  
 ADMINISTRACIÓN PÚBLICAS  
 E XUSTIZA

Dirección Xeral de Relacións Parlamentarias

Pazo de Raxoi  
 15705 SANTIAGO DE COMPOSTELA  
 Teléfono 981 54 49 19



En relación coa pregunta con resposta escrita núm.: 17332, formulada polo Grupo Parlamentario Popular de Galicia, a iniciativa de D.<sup>a</sup> Pilar Milagros Rojo Noguera, sobre **“as subvencións concedidas, os investimentos realizados e os convenios asinados no ano 2006 pola Consellería de Sanidade no concello de Vilaboa e as previsións ao respecto para o ano 2007”**, (publicada no BOPG núm.: 289, do 16 de febreiro de 2007), teño a honra de enviarlle, para así dar cumprimento ao previsto no artigo 157 do Regulamento do Parlamento de Galicia, a contestación formulada pola Consellería de Sanidade, que ten o seguinte contido:

“O SERGAS non tramitou ningunha subvención durante o ano 2006 para o concello de Vilaboa.

Asemade, no ano 2006 non se realizou ningún investimento no concello de Vilaboa, nin tramitou ningún convenio co citado concello.

Á data de hoxe, non está previsto que se vaia a formalizar ningún Convenio co concello de Vilaboa no ano 2007, nin realizar investimentos no mesmo”.

O que lle remito para o seu coñecemento e inserción no Boletín Oficial do Parlamento de Galicia, de acordo co previsto no artigo 65 e concordantes do Regulamento vixente.

Santiago de Compostela, 2 de abril de 2007

O director xeral de Relacións Parlamentarias

Manuel Guillermo Varela Flores



Excma. Sra. Presidenta do Parlamento de Galicia



**XUNTA DE GALICIA**  
 CONSELLERÍA DE PRESIDENCIA,  
 ADMINISTRACIÓNS PÚBLICAS  
 E XUSTIZA

Dirección Xeral de Relacións Parlamentarias

Pazo de Raxoi  
 15705 SANTIAGO DE COMPOSTELA  
 Teléfono 981 54 49 19



En relación coa pregunta con resposta escrita núm.: 17734, formulada polo Grupo Parlamentario Popular de Galicia, a iniciativa de D.<sup>a</sup> Carmen Janet Salgado Núñez e varios/as deputados/as máis, sobre “a autovía Nadela-Sarria”, (publicada no BOPG núm.: 307, do 10 de marzo de 2007), teño a honra de enviarlle, para así dar cumprimento ao previsto no artigo 157 do Regulamento do Parlamento de Galicia, a contestación formulada pola Consellería de Política Territorial, Obras Públicas e Transportes, que ten o seguinte contido:

“A Xunta de Galicia está a construír no eixo Nadela-Sarria un corredor –é dicir, unha estrada con limitación de accesos desde as propiedades contiguas, constituída por unha soa calzada-, pero que foi proxectado coa previsión do seu futuro desdoblamento en autovía.

O desdoblamento do corredor Nadela-Sarria suporá un importante desafío técnico e económico, debendo analizarse de xeito moi detallado cada terraplén, desmante ou viaduto para evitar diferenzas entre ambas calzadas e outros posibles fallos na solidariedade de ambas calzadas que dean como resultado custos elevados de conservación e mesmo poñan en perigo a seguridade do tráfico.

Hai que ter en conta que o medio físico que atravesa o corredor Sarria-Nadela determina a necesidade de levar a cabo grandes movementos de terra con numerosos terrapléns e desmontes de grande altura, así como importantes viadutos en lonxitude e altura.



Unha vez iniciadas as obras no ano 2005 determinouse a necesidade de analizar e estudar as medidas complementarias que faciliten o desdoblamento futuro do corredor en autovía. Deste xeito poderían adquirirse os seguintes logros:

a) Anticiparse ás grandes dificultades técnicas que, no seu día suporá a construción da 2ª calzada, evitando sobrecustos innecesarios que se producirán como consecuencia de facer determinadas unidades de obras con sección corredor, e despois demolelas para volver a facelas con sección autovía.

b) Perturbar o mínimo posible a circulación viaria pola calzada xa en servizo (o corredor) cando se leven a cabo as obras de construción da 2ª calzada. Así, amaios de evitar molestias ós usuarios, se logra a diminución dos riscos de que ocorran accidentes durante a fase de execución das obras de desdoblamento.

Isto supón a redacción de proxectos complementarios para cada un dos tres treitos nos que acomete a obra do corredor Sarria-Nadela coas medidas adicionais que facilitarán o desdoblamento do corredor en autovía.

As obras a realizar refírense a:

Estabilización de taludes en desmontes: En todos os treitos do corredor nos que se detectaron problemas de estabilidade nos taludes de desmonte -ou nos que puideran aparecer, a maiores, no proceso de execución de movementos de terras-, será necesario explanar a sección completa de autovía para que as medidas de estabilidade que é necesario levar a cabo sexan as definitivas. Deste xeito, evítase o risco de escavar taludes inestables á beira dunha estrada en servizo cando se execute o desdoblamento e o despilfarro económico que suporía facer estas actuacións (medidas de estabilización de taludes) con carácter provisional no tempo para volver a facelas no futuro.

Enlaces: A estrutura dos enlaces se acometerá prevendo o desdoblamento, tanto para pasos superiores como inferiores, polo que se farán coa lonxitude total para o ancho de autovía, evitando a demolición de ramais enteiros, minimizando as afeccións ao tráfico ou evitando poñer en perigo a estabilidade de terrapléns xa construídos.



Viadutos: Construiranse os estribos para a anchura completa de autovía, ou, se fora o caso de estribos flotantes, os muros e recheos; e compatibilizaranse as cimentacións paralelas das pilas de ambos viadutos, de xeito que no futuro non se afecte á estabilidade do viaduto xa construído, e se podan evitar sobrecostos para solventar os referidos problemas.

Pasos inferiores: Ampliaranse os saneos das cimentacións das estruturas de pasos inferiores, estendendo os mesmos á anchura total da autovía, coa fin de non afectar, no contorno dos pasos inferiores, os terrapléns do corredor en servizo cando se leven a cabo as obras de desdoblamento.

Terrapléns de 2ª calzada: Nos terrapléns construídos nas zonas nas que o terreo natural presenta fortes pendentes transversais é necesario levar a cabo a cimentación do terraplén da 2ª calzada, así como o arranque do núcleo do mesmo.

No resto dos terrapléns prolongarase a anchura do saneo da cimentación da 1ª calzada, penetrando na zona da 2ª calzada da orde de 5 metros dende o pé do talud, para evitar problemas de estabilidade no terraplén do corredor cando se constrúa a segunda.

Con data 9-10-2006 autorízase a redacción de tres proxectos complementarios aos tres treitos nos que se aborda a VAC Nadela-Sarria:

- 1.- O Treito I, pk 0+000 ao 11+000, ten 2.965.169,00 € de orzamento de proxecto complementario, un 18,20% sobre o orzamento de adxudicación.
- 2.- O Treito II, pk 11+000 ao 20+800, ten 3.995.409,00 € de orzamento de proxecto complementario, un 19,51% sobre o orzamento de adxudicación.
- 3.- O Treito III, pk 20+800 ao 26+797, ten 4.186.834,00 € de orzamento de proxecto complementario, un 19,89% sobre o orzamento de adxudicación”.



**XUNTA DE GALICIA**  
CONSELLERÍA DE PRESIDENCIA,  
ADMINISTRACIÓNS PÚBLICAS  
E XUSTIZA

Pazo de Raxoi  
15705 SANTIAGO DE COMPOSTELA  
Teléfono 981 54 49 19

Dirección Xeral de Relacións Parlamentarias

O que lle remito para o seu coñecemento e inserción no Boletín Oficial do Parlamento de Galicia, de acordo co previsto no artigo 65 e concordantes do Regulamento vixente.

Santiago de Compostela, 2 de abril de 2007

O director xeral de Relacións Parlamentarias

Stamp: XUNTA DE GALICIA, DIRECCIÓN XERAL DE RELACIONES PARLAMENTARIAS, SANTIAGO DE COMPOSTELA

Signature: Manuel Guillermo Varela Flores

Manuel Guillermo Varela Flores

Excma. Sra. Presidenta do Parlamento de Galicia







**XUNTA DE GALICIA**  
 CONSELLERÍA DE PRESIDENCIA,  
 ADMINISTRACIÓN PÚBLICAS  
 E XUSTIZA

Pazo de Raxoi  
 15705 SANTIAGO DE COMPOSTELA  
 Teléfono 981 54 49 19

Dirección Xeral de Relacións Parlamentarias



En relación coa pregunta con resposta escrita núm.: **17741**, formulada polo Grupo Parlamentario Popular de Galicia, a iniciativa de D. José Ferverza Costas, sobre **“os datos referentes á actualización dos catastros rústico e urbano no Concello de Moaña ou, se é o caso, as previsións ao respecto”**, (publicada no BOPG núm.: 307, do 10 de marzo de 2007), teño a honra de enviarlle, para así dar cumprimento ao previsto no artigo 157 do Regulamento do Parlamento de Galicia, a contestación formulada pola Consellería de Economía e Facenda, que ten o seguinte contido:

“A Consellería de Economía e Facenda non ten competencias sobre o catastro nin rústico nin urbano, polo cal non corre da súa conta facer as actualizacións do mesmo nin facerse cargo dos custos que ese traballo implique.

As competencias relativas ao Catastro corresponden á Dirección General del Catastro que depende da Secretaría General de Hacienda do Ministerio de Economía y Hacienda estatal.

Así, son funcións desa Dirección General as seguintes:

*‘La Dirección General del Catastro tiene a su cargo la planificación, dirección, coordinación, control y, en su caso, ejecución, de las siguientes competencias, de acuerdo con lo previsto en el texto refundido de la Ley del Catastro Inmobiliario, aprobado por el Real Decreto Legislativo 1/2004, de 5 de marzo, que ejercerá directamente o, en su caso, a través de las Gerencias o Subgerencias del Catastro:*

*-La elaboración y gestión de la cartografía catastral, la renovación del catastro rústico y la valoración catastral, incluyendo la coordinación de valores, la*



*aprobación de las ponencias y la gestión del observatorio catastral del mercado inmobiliario. BOE núm. 154 Sábado 26 junio 2004 23493.*

*-La inspección catastral.*

*-La tramitación de los procedimientos de declaración, comunicación, solicitud y subsanación de discrepancias.*

*-La colaboración y el intercambio de información con otras Administraciones e instituciones públicas, así como con los fedatarios públicos.*

*-La difusión de la información catastral.*

*-La gestión de las tasas por inscripción y de acreditación catastral.*

*-La tramitación de los procedimientos sancionadores en materia catastral.*

*-El estudio y la formulación de propuestas normativas relacionadas con los procedimientos y sistemas de valoración de los bienes inmuebles, así como con las actividades de formación, mantenimiento y renovación del catastro inmobiliario y, en general, con las demás funciones o procedimientos a que se refiere el texto refundido de la Ley del Catastro Inmobiliario, aprobado por el Real Decreto Legislativo 1/2004, de 5 de marzo.*

*-La prestación de los servicios de información y asistencia a los ciudadanos, y la custodia y mantenimiento de los archivos catastrales.*

*-El desarrollo de las actividades de mejora continua de la calidad del servicio, incluyendo la normalización de documentos y la simplificación de trámites, así como las relaciones con el Consejo para la Defensa del Contribuyente.*

*-La elaboración y el análisis de la información estadística contenida en las bases de datos catastrales y la relativa a la tributación de los bienes inmuebles.*



Dirección Xeral de Relacións Parlamentarias

*-El diseño, explotación y mantenimiento de los sistemas y medios electrónicos, informáticos y telemáticos precisos para el desarrollo de las funciones y la prestación de los servicios catastrales.*

*-La coordinación e impulso de las actuaciones que corresponde desarrollar a las Gerencias Regionales y Territoriales y a las Subgerencias del Catastro.*

*-La gestión de los servicios generales de régimen interior, de los recursos humanos y materiales, así como del presupuesto del órgano directivo.*

*-Las relaciones institucionales con otros órganos u organismos de la Administración General del Estado, así como con las comunidades autónomas, corporaciones locales, organismos internacionales, terceros países y cualquier otra institución pública o privada”.*

O que lle remito para o seu coñecemento e inserción no Boletín Oficial do Parlamento de Galicia, de acordo co previsto no artigo 65 e concordantes do Regulamento vixente.

Santiago de Compostela, 3 de abril de 2007

O director xeral de Relacións Parlamentarias

Manuel Guillermo Varela Flores

Excma. Sra. Presidenta do Parlamento de Galicia



**XUNTA DE GALICIA**  
 CONSELLERÍA DE PRESIDENCIA,  
 ADMINISTRACIÓNS PÚBLICAS  
 E XUSTIZA

Dirección Xeral de Relacións Parlamentarias

Pazo de Raxoi  
 15705 SANTIAGO DE COMPOSTELA  
 Teléfono 981 54 49 19



19070

En relación coa pregunta con resposta escrita núm.: **17743**, formulada polo Grupo Parlamentario Popular de Galicia, a iniciativa de D. José Ferverza Costas, sobre **“os datos referentes ao contido do Plan de explotación do polbo, así como o dos tres plans zonais para a recuperación das capturas, o criterio do sector ao respecto e a concesión e pagamento de axudas durante os períodos de inactividade”**, (publicada no BOPG núm.: 307, do 10 de marzo de 2007), teño a honra de enviarlle, para así dar cumprimento ao previsto no artigo 157 do Regulamento do Parlamento de Galicia, a contestación formulada pola Consellería de Pesca e Asuntos Marítimos, que ten o seguinte contido:

“A orde do 13 de decembro de 2006 pola que se desenvolve o Plan de recuperación do polbo e se dictan normas para a aprobación dos plans zonais, dictóuse unha vez oída a Comisión sectorial de pesca de artes fixas e artes menores en caladoiro nacional do Consello Galego de Pesca. Esta orde desenvolve o plan de recuperación do polbo e dita normas para a aprobación dos plans zonais, establécense as bases da xestión e os contidos mínimos para a elaboración dos plans zonais de explotación no marco do devandito plan de recuperación.

En base ao artigo 2 desta orde, a dirección xeral de Recursos Mariños aprobou tres plans zonais mediante as seguintes resolucións:



Dirección Xeral de Relacións Parlamentarias

- Resolución do 19 de decembro de 2006, pola que se aproba o plan zonal experimental de captura de polbo (*octopus vulgaris*) para a zona noroeste.
- Resolución do 19 de decembro de 2006, pola que se aproba o plan zonal experimental de captura de polbo (*octopus vulgaris*) para a zona cantábrica.
- Resolución do 19 de decembro de 2006, pola que se aproba o plan zonal experimental de captura de polbo (*octopus vulgaris*) para a zona das rias baixas.

A resolución do 26 de marzo de 2007, da Dirección Xeral de Recursos Mariños establece o período de veda para o polbo para o ano 2007”.

O que lle remito para o seu coñecemento e inserción no Boletín Oficial do Parlamento de Galicia, de acordo co previsto no artigo 65 e concordantes do Regulamento vixente.

Santiago de Compostela, 9 de abril de 2007

O director xeral de Relacións Parlamentarias



Manuel Guillermo Varela Flores



Excm. Sra. Presidenta do Parlamento de Galicia



**XUNTA DE GALICIA**  
 CONSELLERÍA DE PRESIDENCIA,  
 ADMINISTRACIÓN PÚBLICAS  
 E XUSTIZA

Pazo de Raxoi  
 15705 SANTIAGO DE COMPOSTELA  
 Teléfono 981 54 49 19

Dirección Xeral de Relacións Parlamentarias



En relación coa pregunta con resposta escrita núm.: **17747**, formulada polo Grupo Parlamentario Popular de Galicia, a iniciativa de D. José Ferverza Costas, sobre **“a información da Consellería de Pesca e Asuntos Marítimos respecto da extracción furtiva de marisco detectada nas inmediacións da praia da Canteira, na Illa de Arousa, as previsións respecto do reforzo do sistema de vixilancia, principalmente, en horario nocturno e a realización do traballo de protección polo Servizo de Gardacostas conxuntamente cos efectivos da Policía Nacional”**, (publicada no BOPG núm.: 307, do 10 de marzo de 2007), teño a honra de enviarlle, para así dar cumprimento ao previsto no artigo 157 do Regulamento do Parlamento de Galicia, a contestación formulada pola Consellería de Pesca e Asuntos Marítimos, que ten o seguinte contido:

“Nunha reunión na que participaron as confrarías da ría de Arousa e persoal da Consellería de Pesca e Marisqueo, acordouse ter unha reunión coas confrarías da ría de Arousa máis ou menos cada mes, e facer unha análise de como foi o control das actividades marisqueiras e pesqueira na ría.

Acordouse tamén que cando fose necesario o persoal de gardacostas de Galicia utilizaría as embarcacións da confraría.

A Consellería de Pesca e Asuntos Marítimos dispón, case de xeito permanente, de dúas embarcacións na ría de Arousa, controlando todas as actividades pesqueiras que se realizan na mesma.



**XUNTA DE GALICIA**  
CONSELLERÍA DE PRESIDENCIA,  
ADMINISTRACIÓNS PÚBLICAS  
E XUSTIZA

Pazo de Raxoi  
15705 SANTIAGO DE COMPOSTELA  
Teléfono 981 54 49 19

Dirección Xeral de Relacións Parlamentarias

Unha das funcións do Servizo de Gardacostas é a protección dos recursos pesqueiros contra todo aquel que incumpra a normativa pesqueira e de marisqueo vixente”.

O que lle remito para o seu coñecemento e inserción no Boletín Oficial do Parlamento de Galicia, de acordo co previsto no artigo 65 e concordantes do Regulamento vixente.

Santiago de Compostela, 9 de abril de 2007

O director xeral de Relacións Parlamentarias



Manuel Guillermo Varela Flores



Excma. Sra. Presidenta do Parlamento de Galicia



**XUNTA DE GALICIA**  
 CONSELLERÍA DE PRESIDENCIA,  
 ADMINISTRACIÓN PÚBLICAS  
 E XUSTIZA

Dirección Xeral de Relacións Parlamentarias

Pazo de Raxoi  
 15705 SANTIAGO DE COMPOSTELA  
 Teléfono 981 54 49 19



En relación coa pregunta con resposta escrita núm.: 17750, formulada polo Grupo Parlamentario Popular de Galicia, a iniciativa de D. José Ferverza Costas, sobre **“as medidas previstas polo Goberno galego para impedir a pesca ilegal, os elementos de actuación no que atinxe ao control do cumprimento das normativas pesqueiras dos barcos que entran nos portos galegos, en particular, no de Vigo, e o establecemento no novo acordo con Marrocos, do cumprimento da prohibición do uso de redes ilegais á súa flota así como de practicas de pesca ilegal”**, (publicada no BOPG núm.: 307, do 10 de marzo de 2007), teño a honra de enviarlle, para así dar cumprimento ao previsto no artigo 157 do Regulamento do Parlamento de Galicia, a contestación formulada pola Consellería de Pesca e Asuntos Marítimos, que ten o seguinte contido:

“O Goberno dispón e utiliza os medios necesarios para impedir a pesca ilegal no ámbito das súas competencias.

Galicia ten as competencias que lle dan a Constitución e o Estatuto de Autonomía de Galicia

Neste momento o Goberno galego leva a cabo os controis e inspeccións que lle están permitidos en virtude das devanditas competencias.

No ordenamento xurídico español e no de Galicia non existen procesos penais por feitos administrativos en materia de pesca, agás nos casos de tenenza e uso de explosivos.

Polo tanto, non se valora a eficacia das penas por non existiren.





**XUNTA DE GALICIA**  
CONSELLERÍA DE PRESIDENCIA,  
ADMINISTRACIÓNS PÚBLICAS  
E XUSTIZA

Pazo de Raxoi  
15705 SANTIAGO DE COMPOSTELA  
Teléfono 981 54 49 19

Dirección Xeral de Relacións Parlamentarias

Só se valoran a eficacia das resolucións dos procedementos administrativos incoados”.

O que lle remito para o seu coñecemento e inserción no Boletín Oficial do Parlamento de Galicia, de acordo co previsto no artigo 65 e concordantes do Regulamento vixente.

Santiago de Compostela, 9 de abril de 2007

O director xeral de Relacións Parlamentarias



Manuel Guillermo Varela Flores



Excma. Sra. Presidenta do Parlamento de Galicia



**XUNTA DE GALICIA**  
 CONSELLERÍA DE PRESIDENCIA,  
 ADMINISTRACIÓN PÚBLICAS  
 E XUSTIZA

Dirección Xeral de Relacións Parlamentarias

Pazo de Raxoi  
 15705 SANTIAGO DE COMPOSTELA  
 Teléfono 981 54 49 19



En relación coa pregunta con resposta escrita núm.: **17751**, formulada polo Grupo Parlamentario Popular de Galicia, a iniciativa de D. José Ferverza Costas, sobre **“a información da Consellería de Pesca e Asuntos Marítimos respecto do accidente rexistrado o pasado 7 de febreiro nun barco que se atopaba no peirao de reparación do Porto de Marín, a asistencia sanitaria recibida polos traballadores afectados e as medidas que se deben aplicar para impedir a súa repetición”**, (publicada no BOPG núm.: 307, do 10 de marzo de 2007), teño a honra de enviarlle, para así dar cumprimento ao previsto no artigo 157 do Regulamento do Parlamento de Galicia, a contestación formulada pola Consellería de Pesca e Asuntos Marítimos, que ten o seguinte contido:

“Ao ser un tema de accidente marítimo, as competencias recaen directamente sobre a Administración Marítima, Capitanía Marítima e Dirección Xeral da Mariña Mercante do Ministerio de Fomento.

A Administración Marítima xa iniciou un expediente de investigación para coñecer tódalas circunstancias dos feitos e que, unha vez finalizado, se lle dará traslado á Comisión Permanente de Investigación de Sinistros Marítimos”.



**XUNTA DE GALICIA**  
CONSELLERÍA DE PRESIDENCIA,  
ADMINISTRACIÓNS PÚBLICAS  
E XUSTIZA

Pazo de Raxoi  
15705 SANTIAGO DE COMPOSTELA  
Teléfono 981 54 49 19

Dirección Xeral de Relacións Parlamentarias

O que lle remito para o seu coñecemento e inserción no Boletín Oficial do Parlamento de Galicia, de acordo co previsto no artigo 65 e concordantes do Regulamento vixente.

Santiago de Compostela, 9 de abril de 2007

O director xeral de Relacións Parlamentarias

Manuel Guillermo Varela Flores



Excm. Sra. Presidenta do Parlamento de Galicia



**XUNTA DE GALICIA**  
 CONSELLERÍA DE PRESIDENCIA,  
 ADMINISTRACIÓNS PÚBLICAS  
 E XUSTIZA

Pazo de Raxoi  
 15705 SANTIAGO DE COMPOSTELA  
 Teléfono 981 54 49 19

Dirección Xeral de Relacións Parlamentarias



En relación coa pregunta con resposta escrita núm.: **17755**, formulada polo Grupo Parlamentario do Bloque Nacionalista Galego, a iniciativa de D. Bieito Lobeira Domínguez, sobre **“a afección que sobre a actividade da frota pesqueira de baixura ten o perímetro de protección establecido arredor do buque ‘Ostedijk’”**, (publicada no BOPG núm.: 307, do 10 de marzo de 2007), teño a honra de enviarlle, para así dar cumprimento ao previsto no artigo 157 do Regulamento do Parlamento de Galicia, a contestación formulada pola Consellería de Pesca e Asuntos Marítimos, que ten o seguinte contido:

“A Consellería de Pesca e Asuntos Marítimos non delimitou ningún perímetro no que se prohibe a pesca, arredor do buque ‘Ostedijk’. Tampoco o Ministerio de Fomento decretou zona de exclusión algunha. Os únicos que estaban vixilando para que ninguén se achegase demasiado ao buque durante as tarefas de salvamento, foi unha embarcación da Garda Civil.

Non se prohibiu a ninguén exercer a actividade pesqueira nin se delimitou perímetro de exclusión”.



**XUNTA DE GALICIA**  
CONSELLERÍA DE PRESIDENCIA,  
ADMINISTRACIÓN PÚBLICAS  
E XUSTIZA

Pazo de Raxoi  
15705 SANTIAGO DE COMPOSTELA  
Teléfono 981 54 49 19

Dirección Xeral de Relacións Parlamentarias

O que lle remito para o seu coñecemento e inserción no Boletín Oficial do Parlamento de Galicia, de acordo co previsto no artigo 65 e concordantes do Regulamento vixente.

Santiago de Compostela, 9 de abril de 2007

O director xeral de Relacións Parlamentarias

A circular stamp from the Xunta de Galicia, specifically from the Dirección Xeral de Relacións Parlamentarias. The stamp contains the text 'XUNTA DE GALICIA' at the top, 'DIRECCIÓN XERAL DE RELACIONES PARLAMENTARIAS' around the inner edge, and 'CONSELLERÍA DE PRESIDENCIA, ADMINISTRACIÓN PÚBLICAS E XUSTIZA' around the outer edge. A signature is written over the stamp.

Manuel Guillermo Varela Flores



Excma. Sra. Presidenta do Parlamento de Galicia



**XUNTA DE GALICIA**  
 CONSELLERÍA DE PRESIDENCIA,  
 ADMINISTRACIÓN PÚBLICAS  
 E XUSTIZA

Pazo de Raxoi  
 15705 SANTIAGO DE COMPOSTELA  
 Teléfono 981 54 49 19

Dirección Xeral de Relacións Parlamentarias



En relación coa pregunta con resposta escrita núm.: **17850**, formulada polo Grupo Parlamentario Popular de Galicia, a iniciativa de D. Diego Calvo Pouso e D. Ignacio Javier López-Chaves Castro, sobre **“a resposta á pregunta parlamentaria á organización da videoconferencia da TVG para a entrevista do presidente da Xunta de Galicia co vencedor da última edición do Tour de Francia, o ciclista Óscar Pereiro”**, (publicada no BOPG núm.: 307, do 10 de marzo de 2007), teño a honra de enviarlle, para así dar cumprimento ao previsto no artigo 157 do Regulamento do Parlamento de Galicia, a contestación formulada pola Compañía de Radio-Televisión de Galicia, que ten o seguinte contido:

“Os medios técnicos necesarios para organizar a entrevista con Óscar Pereiro foron os seguintes:

- Unha unidade con medios de produción
- Segmento satelital
- Unha unidade transportable cunha cámara

A TVG non recibe ordes de ninguén para organizar entrevistas. A decisión adoptárona os responsables de TVG e non existe ningún tipo de instrucións por escrito”.



**XUNTA DE GALICIA**  
CONSELLERÍA DE PRESIDENCIA,  
ADMINISTRACIÓN PÚBLICAS  
E XUSTIZA

Pazo de Raxoi  
15705 SANTIAGO DE COMPOSTELA  
Teléfono 981 54 49 19

Dirección Xeral de Relacións Parlamentarias

O que lle remito para o seu coñecemento e inserción no Boletín Oficial do Parlamento de Galicia, de acordo co previsto no artigo 65 e concordantes do Regulamento vixente.

Santiago de Compostela, 3 de abril de 2007

O director xeral de Relacións Parlamentarias

Manuel Guillermo Varela Flores



Excma. Sra. Presidenta do Parlamento de Galicia



**XUNTA DE GALICIA**  
 CONSELLERÍA DE PRESIDENCIA,  
 ADMINISTRACIÓNS PÚBLICAS  
 E XUSTIZA

Pazo de Raxoi  
 15705 SANTIAGO DE COMPOSTELA  
 Teléfono 981 54 49 19

Dirección Xeral de Relacións Parlamentarias



En relación coa pregunta con resposta escrita núm.: **17854**, formulada polo Grupo Parlamentario Popular de Galicia, a iniciativa de D. Diego Calvo Pouso e D. Ignacio Javier López-Chaves Castro, sobre **“a necesidade da organización pola TVG dunha videoconferencia para a entrevista do presidente da Xunta de Galicia co vencedor da última edición do Tour de Francia, o ciclista Óscar Pereiro, dado o desprazamento do Vicepresidente a París nesa data”**, (publicada no BOPG núm.: 307, do 10 de marzo de 2007), teño a honra de enviarlle, para así dar cumprimento ao previsto no artigo 157 do Regulamento do Parlamento de Galicia, a contestación formulada pola Compañía de Radio-Televisión de Galicia, que ten o seguinte contido:

“Oscar Pereiro é o primeiro galego que sobe o podio da carreira ciclista máis importante do mundo. Ese foi o único criterio utilizado para tomar a decisión de que o presidente da Xunta o felicitara no nome de todos os galegos. O custe é case simbólico porque esa felicitación inclúese na entrevista que se lle fixo ó ciclista galego. A TVG non ten opinión sobre quen e en que actos deben participar os membros do goberno galego.

A decisión de que a pesar da presenza do vicepresidente da Xunta de Galicia era necesario celebrar esta videoconferencia tomouse conxuntamente polos responsables de elaborar as informacións sobre o Tour de Francia”.





**XUNTA DE GALICIA**  
CONSELLERÍA DE PRESIDENCIA,  
ADMINISTRACIÓNS PÚBLICAS  
E XUSTIZA

Pazo de Raxoi  
15705 SANTIAGO DE COMPOSTELA  
Teléfono 981 54 49 19

Dirección Xeral de Relacións Parlamentarias

